

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 1454** *Real decreto 83/2015, do 13 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A modificación do regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, tan só dous anos despois da súa entrada en vigor, procede, esencialmente, da necesidade de completar a transposición da Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010, que harmoniza, por primeira vez, a regulación relativa aos xestores de fondos de investimento alternativo na Unión Europea. Esta transposición iniciouse na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

A mencionada directiva afecta as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo (IIC) non harmonizadas, é dicir, non autorizadas conforme o réxime previsto pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios (OICVM). Desta forma, introdúcese novos requisitos para a autorización das ditas sociedades xestoras e para a comercialización das IIC que xestionen. Ademais, establécense con maior detalle as normas de conduta ás cales se deben ater, así como os requisitos operativos, de organización e transparencia que deben cumprir, con especial atención á xestión do risco, xestión da liquidez e xestión dos conflitos de interese.

Tamén se recollen outras cuestións que completan a transposición da citada directiva. Entre outras: a información adicional que se debe incluír no folleto das IIC non harmonizadas; a información periódica que as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo deberán facilitar á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) sobre os principais mercados e instrumentos nos cales negocien por conta das IIC alternativas que xestionen; os límites ao investimento en titulizacións e a aclaración do concepto de xestión de investimentos conforme o establecido na Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, que inclúe a xestión de carteiras e o control do risco. Nesta mesma orde de cousas detállanse tamén os requisitos para a delegación de funcións das sociedades xestoras; os axustes aos recursos propios exixibles ás sociedades xestoras ao mínimo exixido pola norma europea, así como para incorporar os procedementos adecuados e coherentes que permitan valorar correcta e independentemente os activos da IIC.

Mención especial cabe facer á regulación que se incorpora ao regulamento sobre a política de remuneracións e sobre o depositario, que se aplicará ás sociedades xestoras e aos depositarios de todo tipo de IIC, tendo en conta que o tratamento que reciben estas cuestións na Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño, e na Directiva 2014/91/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, que modifica a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2013, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores

mobiliarios (OICVM) no que se refire ás funcións do depositario, ás políticas de remuneración e ás sancións, é practicamente idéntico.

En concreto, polo que se refire ao réxime do depositario, redáctase un novo título V cos elementos substanciais para definir e regular as funcións e a responsabilidade do depositario, tendo en conta que a interpretación e aplicación dese título se debe realizar sempre de conformidade co disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, e na normativa europea que desenvolva a Directiva 2014/91/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014. Tamén hai que recordar que algúns destes elementos substanciais do réxime do depositario establecidos nas directivas, e recollidos agora no título V do regulamento, xa estaban regulados no noso ordenamento a través da Orde EHA/596/2008, do 5 de marzo, pola que se regulan determinados aspectos do réxime xurídico do depositario de institucións de investimento colectivo, e se concreta o contido dos estados de posición. Este real decreto opta, non obstante, por integrar nun título único a regulación regulamentaria relativa ao depositario, de modo que a súa regulación mellora en termos de consistencia e sistemática. Adicionalmente, para as demais cuestións de carácter máis técnico, moitas das cales virán, pola súa vez, determinadas por normas técnicas da Unión Europea, habilitase o desenvolvemento da CNMV. Desta forma, a Orde EHA/596/2008, do 5 de marzo, quedará definitivamente derogada, unha vez que entren en vigor os axustes desenvolvidos pola CNMV que completarán a regulación do depositario.

Existen ademais outras novidades que derivan directamente da transposición das directivas 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, e 2014/91/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014, e que responden á segunda razón que xustifica a modificación do Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e que non é outra que a permanente evolución e desenvolvemento do mercado do investimento colectivo en España. Efectivamente, coa aparición de novas oportunidades de negocio e modalidades de comercialización, é conveniente que a regulación se axuste para dotar de cobertura legal, seguridade xurídica e un réxime que permita o adecuado equilibrio entre o seu desenvolvemento e a protección do investidor. Entre esas novidades, destacan as seguintes:

En primeiro lugar, permítase a comercialización activa das IIC de investimento libre (IICIL) a retallistas cualificados sempre e cando realicen un desembolso mínimo de 100.000 euros e deixen constancia por escrito de que coñecen os riscos inherentes ao investimento. En consonancia, elévase a 100.000 euros o mínimo desembolsado para que un retallista poida comprar ou subscribir accións ou participacións de IICIL, é dicir, mediante a chamada comercialización pasiva.

En segundo lugar, en liña coas recentes reformas regulatorias para promover canais alternativos de financiamento empresarial, régúlanse distintos tipos de IICIL para dar cabida á posibilidade de investir en facturas, préstamos, efectos comerciais de uso habitual no ámbito do tráfico mercantil e outros activos de natureza similar, en activos financeiros vinculados a estratexias de investimento cun horizonte temporal superior a un ano e en instrumentos financeiros derivados calquera que sexa a natureza do subxacente. A comercialización activa deste tipo de IICIL límitase, exclusivamente, a profesionais e engádense certos requisitos adicionais de información e para a adecuada xestión do seu risco.

Por último, mellórase e axústase tecnicamente a redacción de varios artigos. Entre outros, axústanse certas disposicións do regulamento para permitir a posibilidade de utilizar contas ómnibus, adáptanse os activos en que poden investir as IIC harmonizadas para incluír aqueles que a Autoridade Europea de Valores e Mercados considera aptos, e amplíanse os instrumentos e derivados en que poden investir as sociedades de investimento de capital variable (SICAV) non harmonizadas e os fondos de investimento de carácter financeiro non harmonizados regulados no artigo 72. Ademais, homoxenézase o réxime de axentes e apoderados e de representación co das empresas de servizos de investimento.

Os puntos 53 e seguintes do artigo único introducen as disposicións adicionais segunda a sexta do regulamento de institucións de investimento colectivo, que conteñen os réximes dos denominados pasaportes para IIC e xestoras de terceiros países, é dicir, os requisitos para a comercialización e a xestión transfronteirizas cando a IIC e/ou a xestora están domiciliadas ou constituídas en países de fóra da Unión Europea unha vez que tales pasaportes entren en vigor. A entrada en vigor destes réximes establécese de conformidade cos actos delegados que adopte a Comisión Europea sobre eles, tal e como recolle a Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011. Na mesma liña, a disposición adicional sétima inclúe os requisitos que deberá cumprir o depositario radicado nun terceiro país.

O punto 59 modifica a disposición derradeira única do regulamento de institucións de investimento colectivo, que contén a habilitación para o desenvolvemento normativo e, en concreto, habilita a CNMV para desenvolver o réxime de comunicación en relación coas modificacións que se produzan nas condicións da autorización das sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo; o contido e o modelo a que se deberá axustar o estado de posición, e o réxime xurídico do depositario.

O real decreto contén, por último, unha modificación na parte final, do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exigible para tales efectos, cun dobre obxectivo. En primeiro lugar, traspor correctamente a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores. Para iso, era necesario precisar que, cando o prezo final da oferta e o número de valores que se vaian ofertar ao público non se poidan incluír no folleto, deberán figurar no folleto os criterios ou as condicións que van apareladas para determinar os citados elementos ou, no caso do prezo, o prezo máximo. E segundo, realizar un axuste mínimo para adaptar o citado real decreto ao contido da Directiva 2014/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, relativa aos poderes da Autoridade Europea de Valores e Mercados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de febreiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo.*

O Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o punto 3 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Calquera que sexa a forma de representación das participacións:

a) A SXIIC, ou o comercializador das participacións, no caso de que no rexistro da sociedade xestora as participacións non figuren a nome dos partícipes, deberá remitir a cada partícipe, ao final do exercicio, un estado da súa posición no fondo. Cando o partícipe expresamente o solicite, este documento poderalle ser remitido por medios telemáticos.

O estado de posición deberá conter, ao menos, información relativa á data da operación e á identidade da institución, así como da súa sociedade xestora e o seu

depositario e do partícipe ou accionista, e calquera información adicional que determine a CNMV.

b) A SXIIC dun fondo de investimento poderá, sen menoscabo ningún do dereito dos partícipes a obter os certificados a que se refire a letra a) do punto anterior, utilizar, con carácter de documento de xestión, xustificantes por medio dos cales se informen os partícipes da posición que ocupan no fondo tras cada unha das súas operacións.»

Dous. Modifícase a letra a) do artigo 5.14, que queda redactada como segue:

«a) Que as participacións estean representadas mediante certificados e figuren no rexistro de partícipes da sociedade xestora ou do comercializador a través do cal se adquirisen as participacións por conta de partícipes e que, en consecuencia, o comercializador acredite a titularidade das participacións fronte ao investidor.»

Tres. Modifícase o punto 5 do artigo 6, que queda redactado como segue:

«5. Non obstante, non terán que cumprir os requisitos mencionados nos puntos 3 e 4 aquelas sociedades cuxos accionistas sexan exclusivamente outras IIC reguladas nos artigos 54 e seguintes, nin aquelas sociedades de investimento libre reguladas no artigo 73.»

Catro. Modifícase o punto 2 e suprímese o punto 4 do artigo 7, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. *A administración da sociedade.*

1. Serán órganos de administración e representación da sociedade de investimento os determinados nos seus estatutos, de conformidade coas prescricións da lexislación sobre sociedades anónimas. A sociedade de investimento deberá contar cun consello de administración.

2. Cando así o prevegan os estatutos sociais, a xunta xeral ou, pola súa delegación, o consello de administración, poderán acordar a designación dunha SXIIC como a responsable de garantir o cumprimento do previsto neste regulamento. O eventual acordo deberá elevarse a escritura pública e inscribirse no Rexistro Mercantil e no rexistro da CNMV.

En caso de que a sociedade de investimento non designe unha SXIIC, a propia sociedade quedará sometida ao réxime das SXIIC previsto neste regulamento.

A SXIIC designada, ou a sociedade de investimento que non designase unha SXIIC poderá, pola súa vez, delegar a xestión de investimentos noutra ou noutras entidades financeiras na forma e cos requisitos establecidos no artigo 98. No caso de que esta delegación fose imposta pola sociedade de investimento, o cal deberá acreditarse mediante o correspondente acordo da xunta xeral de accionistas da sociedade de investimento ou, por delegación expresa desta, do consello de administración, a entidade que delega non será responsable ante os accionistas dos prexuízos que poidan derivar de tal contratación.

3. O acordo mencionado no punto anterior non eximirá os órganos de administración da sociedade de ningunha das obrigacións e responsabilidades que a normativa vixente lles impón.»

Cinco. Modifícase a letra e) do punto 1 do artigo 11, que queda redactada da seguinte maneira:

«e) A designación dun depositario autorizado no caso das SICAV, das sociedades de investimento libre reguladas polo artigo 73, das IIC de IIC de investimento libre con forma societaria e no caso das sociedades de investimento inmobiliario cuxa sociedade xestora supere os limiares establecidos no artigo 41

bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, indicando o seu nome e domicilio, así como os datos identificadores da súa inscrición no Rexistro Mercantil. Non obstante o anterior, aquelas SII que queiran beneficiarse dos dereitos recoñecidos consonte a Directiva 2011/61/UE poderán voluntariamente acollerse aos requisitos previstos nesta entre os cales figura o nomeamento dun depositario.»

Seis. Engádese unha letra r) e modifícase o último parágrafo do artigo 13, que quedan redactados da seguinte maneira:

«r) Rexistro de expertos externos que realizan a función de valoración.

Consideraranse sociedades de investimento de carácter financeiro ou SICAV harmonizadas e fondos de investimento de carácter financeiro ou FI harmonizados aqueles que fosen autorizados conforme a Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, pola que se coordinan as disposicións legais, regulamentarias e administrativas sobre determinados organismos de investimento colectivo en valores mobiliarios. Consideraranse sociedades de investimento de carácter financeiro ou SICAV non harmonizadas e fondos de investimento de carácter financeiro ou FI non harmonizados aqueles que se acollan ás excepcións previstas no artigo 72.»

Sete. Modifícase a letra b) do punto 1, o punto 2 e engádese un punto 3 no artigo 14, que queda redactado como segue:

«Artigo 14. *Modificación de proxectos de constitución, estatutos, regulamentos e folletos.*

1. As modificacións no proxecto de constitución, unha vez autorizado, nos estatutos ou no regulamento das IIC quedarán suxeitas ao procedemento de autorización de IIC previsto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste regulamento, coas seguintes especialidades:

a) As modificacións dos estatutos sociais e dos regulamentos que non requiran autorización previa, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberán ser incluídas no informe trimestral inmediato posterior, así como no informe semestral ou anual seguinte. A consideración de escasa relevancia no caso dos fondos de investimento poderá realizarse simultaneamente á súa inscrición no rexistro correspondente da CNMV.

b) Cando a modificación do folleto se produza con motivo do establecemento ou renovación de garantías a IIC que realicen ou vaian realizar unha xestión encamiñada á consecución dun obxectivo concreto de rendibilidade, deberá remitirse á CNMV a información sinalada no artigo 8.1.a), cuarto parágrafo.

c) No caso de modificacións dos regulamentos de xestión, a inscrición poderase realizar de oficio cando as modificacións deriven de cambios normativos ou de modificacións noutros rexistros da CNMV.

d) No caso de modificacións estatutarias, a solicitude de autorización poderase realizar con anterioridade á súa aprobación polos correspondentes órganos de goberno da sociedade.

e) A presentación ante a CNMV da documentación precisa para a inscrición das modificacións mencionadas neste artigo deberá realizarse no prazo de tres meses, contado desde a notificación da autorización previa ou da consideración como de escasa relevancia. Transcorrido este prazo sen que se solicitase a inscrición da modificación, denegarase a inscrición e deberán cumprirse de novo os trámites de publicidade. Non obstante, cando a modificación teña que cumprir con requisitos que exixan o transcurso de prazos con carácter previo á súa inscrición no rexistro da CNMV, poderá prorrogarse o prazo de tres meses por un prazo adicional non superior a tres meses.

2. Toda modificación do regulamento dun fondo de investimento que requira autorización previa deberá ser publicada pola CNMV despois da súa autorización e comunicada pola SXIIC aos partícipes no prazo dos 10 días seguintes ao da notificación da autorización. Nestes casos, a CNMV exixirá como requisito previo para a inscrición da modificación nos seus rexistros administrativos a acreditación do cumprimento da obrigaición de comunicación mediante certificación da SXIIC e a presentación dunha copia da carta remitida aos partícipes.

Cando a modificación do regulamento de xestión ou, de ser o caso, do folleto ou do documento cos datos fundamentais para o investidor, supoña un cambio substancial da política de investimento ou da política de distribución de resultados, a substitución da sociedade xestora ou do depositario, a delegación da xestión da carteira da institución noutra entidade, o cambio de control da sociedade xestora ou do depositario, a transformación, fusión ou escisión do fondo ou do compartimento, o establecemento ou elevación das comisións, o establecemento, elevación ou eliminación de descontos a favor do fondo que se practicará en subscricións e reembolsos, modificacións na periodicidade do cálculo do valor liquidativo ou a transformación nunha IIC por compartimentos ou en compartimentos doutras IIC, deberá ser comunicada aos partícipes con carácter previo á súa entrada en vigor, cunha antelación mínima de 30 días naturais. A entrada en vigor destas modificacións producirase no momento da inscrición da modificación do regulamento de xestión ou, de ser o caso, da actualización do folleto explicativo e/ ou do documento cos datos fundamentais para o investidor. O cambio de control da SXIIC e do depositario, unha vez efectuado e comunicado á CNMV, deberá ser comunicado aos partícipes no prazo de dez días. As modificacións que se refiran á substitución do depositario como consecuencia de operacións societarias sobrevidas ou suxeitas á verificación doutros organismos poderán inscribirse inmediatamente na CNMV sempre que se cumpra coa obrigaición da sociedade xestora de comunicar este cambio aos partícipes.

Non se considerarán substanciais, entre outras, as seguintes modificacións na política de investimento:

- a) As que teñan por obxecto axustar a calidade crediticia dos activos de renda fixa á cualificación de solvencia que en cada momento teña o Reino de España.
- b) As modificacións na duración que teñan por obxecto axustarse ás categorías establecidas pola CNMV.
- c) Os cambios motivados por modificacións da normativa aplicable. En todo caso, tales cambios non poderán desvirtuar a finalidade e vocación do fondo de investimento.

Sempre que exista comisión de reembolso ou gastos ou descontos asociados a el, os partícipes poderán optar durante o prazo de 30 días naturais (contado a partir da remisión das comunicacións aos partícipes) polo reembolso ou traspaso das súas participacións, total ou parcial, sen dedución de comisión de reembolso nin gasto ningún, polo valor liquidativo que corresponda á data do último día dos 30 días naturais de información.

Igualmente, os partícipes de fondos cuxa política de investimento se basee no investimento nunha única IIC de carácter financeiro conforme o establecido no artigo 54 e seguintes disporán do mesmo dereito de información ou, de ser o caso, de separación, nos mesmos prazos, cando a IIC que constitúe o obxecto único da súa política de investimento experimente algunha das modificacións sinaladas no segundo parágrafo deste punto.

Se os reembolsos solicitados alcanzan un importe total igual ou superior ao 50 por cento do patrimonio do fondo, este poderá ser disolto nos termos sinalados no artigo 24 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e no artigo 35 deste regulamento.

Cando a modificación non afecte todo o fondo de investimento senón só un ou varios compartimentos, as comunicacións e, de ser o caso, o exercicio do dereito

de separación, entenderanse referidos única e exclusivamente aos partícipes afectados de tales compartimentos.

Habilitase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a CNMV para precisar e desenvolver os supostos de modificacións do regulamento de xestión ou do folleto que dan dereito de separación aos partícipes dos fondos de investimento.

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, non existirá dereito de separación nin dereito de información previa á inscrición durante o prazo de 30 días naturais, nos casos de substitución da sociedade xestora ou do depositario, sempre que a entidade substituta sexa do mesmo grupo e se acredite unha continuidade na xestión do fondo no momento da solicitude da autorización prevista neste punto.

Non obstante o sinalado con anterioridade, a CNMV poderá establecer que os partícipes dispoñan do dereito de información individualizada, naquelas modificacións que considere que revistan especial relevancia.

3. Cando unha IIC estea xestionada por un xestor relevante de forma que esta circunstancia sexa un dos elementos distintivos da IIC e estea previsto no folleto e no documento cos datos fundamentais para o investidor, o cambio do xestor relevante será considerado como un cambio substancial da política de investimento, requirirá a súa publicación como feito relevante e dará, no caso dos fondos de investimento, dereito de separación. Se a substitución do xestor relevante ten efectos inmediatos, tamén poderá ser comunicada aos partícipes do fondo de investimento con posterioridade á súa entrada en vigor, no prazo de dez días hábiles»

Oito. Engádese un artigo 19 bis dentro do capítulo II do título II, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 19 bis. *Información que deberán remitir as IIC estranxeiras.*

1. A CNMV poderá exixir ao intermediario que comercialice en España IIC estranxeiras información periódica con fins estatísticos sobre a citada comercialización, así como calquera outra información que sexa necesaria para o cumprimento das súas obrigacións de supervisión consonte a Lei 35/2003, do 4 de novembro, e este regulamento.

2. A CNMV determinará, de ser o caso, a forma, o prazo e o contido da información relativa á comercialización en España de IIC estranxeiras que debe ser remitida, directamente a ela ou aos investidores. A información poderana remitir directamente a IIC estranxeira ou a súa sociedade xestora, ou ben a entidade comercializadora ou persoa xurídica que designe.

3. Os puntos anteriores serán tamén de aplicación ás entidades de capital risco (ECR) e ás entidades de investimento colectivo de tipo cerrado (EICC) estranxeiras previstas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.»

Nove. Modifícase o artigo 20, que queda redactado como segue:

«Artigo 20. *Comercialización en España das accións e participacións de IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea reguladas pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea de acordo coa Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, deberá producirse a través dos intermediarios

facultados e nas condicións establecidas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e na Lei 24/1988, do 28 de xullo. Igualmente, será de aplicación o previsto no Regulamento (UE) n.º 584/2010 da Comisión, do 1 de xullo de 2010, polo que se establecen disposicións de aplicación da Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, no que atinxe á forma e ao contido do escrito de notificación e o certificado do OICVM normalizados, ao uso da comunicación electrónica entre as autoridades competentes para efectos de notificación, aos procedementos para as verificacións *in situ* e as investigacións e ao intercambio de información entre as autoridades competentes. Tamén serán de aplicación as normas vixentes en materia de movementos de capitais. O número con que a IIC quede rexistrada deberase reflectir en todo documento e publicidade da IIC que se difunda en España. En todo caso, a IIC poderá utilizar na súa denominación a mesma referencia á súa forma xurídica que no Estado membro onde foi autorizada.

As obrigacións establecidas no artigo 15.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, serán aplicables a calquera cambio na información e documentación a que se refire o dito artigo e cumpriranse nos termos establecidos na normativa de desenvolvemento deste regulamento.

O cumprimento por parte das IIC autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea das obrigacións previstas no segundo parágrafo do artigo 15.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, poderase satisfacer mediante correo electrónico enviado ao enderezo de correo electrónico que indique a CNMV informando do sitio en que se pode obter en formato electrónico a documentación actualizada.

2. A CNMV publicará, polo menos nunha lingua habitual no ámbito das finanzas internacionais, e actualizará na súa páxina web a seguinte información:

a) O concepto de comercialización para os efectos do disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro.

b) Os requisitos en canto ao contido, ao formato e á forma de presentación das comunicacións de promoción comercial, incluídas todas as advertencias e restricións obrigatorias sobre o uso de determinados termos ou expresións.

c) Se procede, a información adicional que se deba comunicar aos investidores non prevista pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009.

d) Especificación, se procede, de calquera exención das normas ou requisitos relativos ás disposicións en materia de comercialización aplicables a determinadas IIC, determinadas clases de accións ou participacións ou determinadas categorías de investidores.

e) Os requisitos en materia de notificación ou de transmisión de información á CNMV e o procedemento de presentación de versións actualizadas dos documentos exixidos.

f) Os requisitos en materia de honorarios ou outros importes que se deben pagar a calquera organismo público en España, ben cando se inicie a comercialización, ben posteriormente de maneira periódica.

g) Os requisitos en relación coa obrigação imposta polo último parágrafo do artigo 15.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

h) As condicións de finalización en España da comercialización de participacións ou accións dunha IIC autorizada noutro Estado membro da Unión Europea.

i) O contido detallado da información que se deba incluír na parte B do escrito de notificación a que se refire o artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 584/2010 da Comisión, do 1 de xullo de 2010.

j) O enderezo de correo electrónico a través do cal a IIC autorizada noutro Estado membro que comercialice en España cumprirá as obrigacións previstas no artigo 15.3, segundo parágrafo, da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

A CNMV proporcionará esa información en forma descritiva, ou unha combinación de descrición e de referencias ou enlaces cos documentos pertinentes.»

Dez. Modifícase o título do artigo 21, que queda redactado como segue:

«Artigo 21. *Comercialización das accións e participacións de IIC españolas reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, no exterior.*»

Once. Engádense as letras s), t) e u) no artigo 23.1 coa seguinte redacción:

«s) Información detallada e actualizada da política remunerativa da sociedade xestora, que incluírá, polo menos, unha descrición da forma en que se calculan a remuneración e os beneficios, a identidade das persoas responsables de facelo e, de ser o caso, a composición do comité de remuneracións. Esta información detallada poderá ser substituída por un resumo da política remunerativa en que se indique a páxina web en que se pode consultar esa información e en que se sinala que se pode obter gratuitamente un exemplar en papel da dita información logo de solicitude.

t) A descrición das funcións do depositario da IIC e dos conflitos de interese que se poidan suscitar. A descrición de calquera función de depósito delegada polo depositario, a lista das terceiras entidades en que se poida delegar a función de depósito e os posibles conflitos de interese a que poida dar lugar esa delegación.

Tamén se incluírá unha declaración indicando que se facilitará aos investidores que o soliciten información actualizada sobre os datos a que se refire a letra anterior. Non obstante, para a entrada en vigor do nomeamento de terceiras entidades en que se delegue a función de depósito, non será necesaria a actualización previa do folleto.

u) A identificación do xestor relevante no caso de que a IIC estea xestionada por un xestor relevante conforme o disposto no artigo 14.3.»

Doce. Engádense un novo artigo 23 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 23 bis. *Información adicional que se deberá incluír no folleto das IIC non harmonizadas.*

1. As SXIIC, por cada unha das IIC non autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, que xestionen ou comercialicen na Unión Europea, deberán poñer á disposición dos investidores, con carácter previo ao investimento, cando non estea incluído no seu folleto e de forma adicional a este, a información que a continuación se indica, así como toda modificación material desta:

a) Unha descrición da estratexia e dos obxectivos de investimento da IIC; información acerca do lugar de establecemento da IIC principal e dos fondos subxacentes, en caso de que a IIC sexa un fondo de fondos; unha descrición dos tipos de activos en que a IIC pode investir, as técnicas que pode empregar e todos os riscos conexos; unha descrición das restricións de investimento que, de ser o caso, se apliquen; das circunstancias en que a IIC poderá recorrer ao aparcamento; dos tipos e fontes de aparcamento permitidos e os riscos conexos; das restricións que, de ser o caso, se apliquen ao recurso ao aparcamento e aos acordos colaterais e de reutilización de activos, así como do nivel máximo de aparcamento a que a SXIIC podería recorrer por conta da IIC.

b) Unha descrición dos procedementos polos cales a IIC poderá modificar a súa estratexia ou a súa política de investimento.

c) Unha descrición dos principais efectos xurídicos da relación contractual que se xerese con fins de investimento, con información sobre a autoridade xudicial competente, a lexislación aplicable e a posible existencia de instrumentos xurídicos que establezan o recoñecemento e a execución das sentenzas no territorio en que estea establecida a IIC.

d) A identidade da SXIIC, do depositario da IIC, do seu auditor e dos seus provedores de servizos, e unha descrición das súas obrigacións e dos dereitos dos investidores.

e) A descrición da forma en que a SXIIC cobre os posibles riscos derivados da súa responsabilidade profesional.

f) A descrición das funcións de xestión que se delegasen por parte da SXIIC e das funcións de custodia delegadas polo depositario e, de ser o caso, a identidade dos delegatarios e calquera conflito de intereses a que poidan dar lugar tales delegacións.

g) A descrición do procedemento de valoración da IIC e da metodoloxía de determinación de prezos para a valoración dos activos, incluídos especificamente os métodos utilizados cando se trate de activos de difícil valoración.

h) A descrición da xestión do risco de liquidez da IIC, incluídos os dereitos de reembolso en circunstancias normais e excepcionais, e os acordos de reembolso existentes cos investidores.

i) A descrición de todas as comisións, cargas e gastos que deban sufragar directa ou indirectamente os investidores, con indicación do seu importe máximo.

j) A descrición do modo en que a SXIIC garante o trato equitativo dos investidores e, no suposto de que algún investidor reciba un trato preferente ou obteña o dereito a recibir ese trato, unha descrición clara dese tratamento, o tipo de investidores que o obteñen e, de ser o caso, a relación xurídica ou económica que teñen coa IIC ou coa SXIIC.

k) O último informe anual a que se refire o artigo 26.

l) O procedemento e as condicións de emisión e de venda de participacións.

m) O valor liquidativo das IIC segundo o cálculo máis recente ou o prezo de mercado máis recente dunha participación nas IIC.

n) A rendibilidade histórica da IIC, se tal información está dispoñible.

o) A identidade do intermediario principal e unha descrición das disposicións que rexen as relacións da IIC cos seus intermediarios principais e o modo en que se xestionan os conflitos de intereses entre eles. Así mesmo, informarase sobre aquelas disposicións contractuais co depositario relativas á posibilidade de transferir e reutilizar os activos da IIC e sobre toda cesión de responsabilidade ao intermediario principal que poida existir.

p) Unha descrición do modo e o momento da divulgación da información periódica exixida.

q) Información sobre calquera acordo celebrado pola SXIIC co depositario co fin de que este quede contractualmente exento de responsabilidade para os efectos do artigo 62 bis.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro. Así mesmo, a SXIIC informará sen demora os investidores de toda modificación respecto da responsabilidade do depositario.»

Trece. Engádesse un novo artigo 25 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 25 bis. *Obrigacións de información periódica á Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. As SXIIC que xestionan IIC distintas ás reguladas pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, deberán facilitar á CNMV tanta información se lles requira e, en particular, información periódica sobre os principais mercados e instrumentos en que negocien por conta das IIC que xestionen.

En particular, informarán sobre os principais instrumentos cos cales estean negociando, sobre os mercados dos cales sexan membros ou nos cales negocien activamente, e sobre as principais exposicións e concentracións de cada unha das IIC que xestionen.

2. As SXIIC a que se refire o punto anterior deberán facilitar á CNMV, por cada IIC distinta ás autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, información relativa:

- a) Á porcentaxe dos activos da IIC que é obxecto de medidas especiais motivadas pola súa illiquidez.
- b) A calquera nova medida para xestionar a liquidez da IIC.
- c) Ao perfil de risco efectivo da IIC e aos sistemas de xestión de riscos utilizados pola sociedade xestora para, entre outros, o risco de mercado, o risco de liquidez, o risco de contrapartida e o risco operativo.
- d) Ás principais categorías de activos en que investise a IIC.
- e) Aos resultados das probas de resistencia efectuadas de conformidade co artigo 106 ter.4.b) e co artigo 106 quáter.2.

3. Así mesmo, as SXIIC facilitarán á CNMV a seguinte documentación:

- a) Un informe anual de cada IIC xestionada e de cada IIC comercializada pola SXIIC, correspondente a cada exercicio, consonte o disposto no artigo 26.
- b) Antes de finalizar cada trimestre natural, unha lista detallada de todas as IIC xestionadas pola sociedade xestora.

4. As SXIIC a que se refire este artigo que xestionen unha ou varias IIC que recorran de forma substancial ao apancamento facilitarán á CNMV información sobre o nivel global de apancamento de cada IIC que xestionen, desagregando a parte do apancamento que deriva da toma en préstamo de efectivo ou valores e a que estea implícita nos derivados financeiros, así como información sobre a medida en que os activos da IIC foron reutilizados.

Para estes efectos, considerarase que se recorre ao apancamento de forma substancial cando a exposición da IIC, calculada consonte o método do compromiso, exceda un importe igual a tres veces o valor do seu patrimonio neto.

Esta información incluirá a identidade das cinco maiores fontes de préstamo de efectivo ou valores de cada unha das IIC xestionadas pola sociedade xestora e o apancamento obtido de cada unha delas.

5. As xestoras non domiciliadas na Unión Europea que en virtude do artigo 15 quáter da Lei 35/2003, do 4 de novembro, comercialicen IIC en España, deberán cumprir coa obrigaición prevista neste artigo.»

Catorce. Engádesse unha letra j) ao artigo 26.1, coa seguinte redacción:

«j) No caso das IIC autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 11 de xullo de 2009, e en relación coa información sobre a política remunerativa deberase incluír:

1.º Unha descrición da forma en que se calculan a remuneración e os beneficios, o resultado das revisións periódicas a que se refire o artigo 46 bis.1.c) e d) da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

2.º As modificacións substanciais da política remunerativa adoptada.»

Quince. Modifícase o artigo 31 que queda redactado como segue:

«Artigo 31. *Participacións significativas.*

As sociedades de investimento ou, de ser o caso, as súas sociedades xestoras e as SXIIC dos fondos de investimento deberán comunicar á CNMV, trimestralmente, durante o mes seguinte á finalización dese período e por medios electrónicos, a identidade dos accionistas ou partícipes que por si ou por persoa interposta, neste último caso sempre que a SXIIC teña coñecemento desta circunstancia de acordo coas normas aplicables ás entidades que actúan nos

mercados de valores en relación coa identificación de clientes, alcancen, superen ou descendan das porcentaxes seguintes de participación na sociedade ou no fondo: 20, 40, 60, 80 ou 100 por cento. A obrigaçión de comunicar nacerá como consecuencia de operacións de adquisición, subscriçión, reembolso ou transmisión de accións ou participacións ou de variacións no capital da sociedade ou no patrimonio do fondo, incluso cando esas operacións as levasen a cabo varios partícipes ou accionistas con unidade de decisión.

Os investidores deberán comunicar á sociedade xestora ou a sociedade de investimento a información necesaria para que estas, pola súa vez, informen debidamente a CNMV.

En caso de que, de acordo co establecido no artigo 40.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, no rexistro da sociedade xestora do fondo figuren rexistradas participacións a nome dun comercializador por conta de partícipes, as obrigaçións establecidas neste artigo en relación con esas participacións recaerán sobre a entidade comercializadora.

A omisión do cumprimento da obrigaçión a que se refire este artigo sancionárase de acordo co establecido na Lei 35/2003, do 4 de novembro.

O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a CNMV, poderán modificar as porcentaxes previstas no primeiro parágrafo, establecer a información que deba facerse pública e ditar as normas de desenvolvemento precisas para a debida aplicación do disposto neste artigo.»

Dezaseis. Modifícanse os puntos 3 e 5 do artigo 35, que quedan redactados como segue:

«3. Unha vez acordada a disolución do fondo e feita pública pola CNMV, abrírase o período de liquidación e quedará suspendido o dereito de reembolso e de subscriçión de participacións. A SXIIC, co concurso do depositario, actuará de liquidador e procederá coa maior dilixencia e no máis breve prazo posible a allear os valores e activos do fondo e a satisfacer e percibir os créditos. Unha vez realizadas estas operacións, elaborarán os correspondentes estados financeiros e determinarán a cota que corresponda a cada partícipe.

En relación cos créditos que se deben satisfacer, consideraranse como saldos acredores do fondo os reembolsos pendentes de pagamento solicitados polos partícipes, cuxo valor liquidativo aplicable se refira a unha data anterior á publicación do acordo de disolución.

Antes da elaboración dos estados financeiros, o liquidador poderá repartir o efectivo obtido no alleamento dos valores e activos do fondo, en concepto de liquidacións á conta, de forma proporcional entre todos os partícipes do fondo, sempre que fosen satisfeitos todos os acredores ou consignasen o importe dos seus créditos vencidos. Cando existan créditos non vencidos, asegúrase previamente o pagamento.

Os estados financeiros deberán ser verificados na forma prevista na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste regulamento. O balance e a conta de perdas e ganancias deberán ser publicados nun dos xornais de maior circulación do lugar do domicilio da SXIIC. De acordo coa disposición transitoria sétima da Lei 35/2003, do 4 de novembro, a referida publicación en prensa poderá ser substituída pola publicación na páxina web da súa sociedade xestora ademais de publicarse o correspondente feito relevante, que será incluído no informe periódico inmediato para a súa información aos partícipes.

Transcorrido o prazo dun mes a partir da data da súa publicación sen se formularen reclamacións, repartírase o patrimonio entre os partícipes. As cotas non reclamadas no prazo de tres meses consignaranse en depósito na Caixa Xeral de Depósitos e quedarán á disposición dos seus lexítimos donos.

No caso de que houberse reclamacións, aplicarase o que dispoña o xuíz ou o tribunal competente e poderanse realizar entregas aos partícipes en concepto de liquidación provisional.

Unha vez efectuada a repartición total do patrimonio, a SXIIC e o depositario solicitarán a cancelación dos asentos referentes ao fondo no rexistro da CNMV que corresponda e, de ser o caso, no Rexistro Mercantil.»

«5. Habilitase a CNMV para exonerar da presentación de determinada documentación pola súa escasa relevancia, cando quede xustificado pola inexistencia de investidores alleos á propia sociedade xestora, o depositario, ou outras entidades vinculadas ou do seu grupo económico, sempre que se considere innecesaria por non proporcionar ningunha protección aos partícipes da IIC.»

Dezasete. Modifícase a letra a) do artigo 36.1, que queda redactada como segue:

«a) Unha ou varias IIC ou compartimentos de investimento de IIC, IIC fusionadas en diante, transfiran a outra IIC xa existente ou a un compartimento desta, IIC beneficiaria en diante, como consecuencia e no momento da súa disolución sen liquidación, a totalidade do seu patrimonio, activo e pasivo, mediante a atribución aos seus partícipes ou accionistas de participacións ou accións da IIC beneficiaria e, de ser o caso, dunha compensación en efectivo que non supere o 10 por cento do valor liquidativo das súas participacións ou accións na IIC fusionada.»

Dezaioito. Modifícase o punto 5 do artigo 37, que queda redactado como segue:

«5. A CNMV analizará a posible incidencia da fusión prevista nos partícipes ou accionistas da ou das IIC fusionadas que fosen autorizadas en España, e nos da IIC beneficiaria se esta foi autorizada en España, co fin de avaliar se se proporcionou información adecuada aos partícipes ou accionistas.

A CNMV poderá exixir, por escrito, que se aclare a información destinada aos partícipes ou accionistas da ou das IIC fusionadas que fosen autorizadas en España.

No caso de que a IIC beneficiaria fose autorizada en España, a CNMV poderá exixir por escrito e dentro dos 15 días hábiles seguintes ao da recepción das copias de toda a información a que se refire o punto 3 ou ao da recepción do expediente completo por parte da autoridade competente dunha IIC fusionada que non fose autorizada en España, que a IIC beneficiaria modifique a información destinada aos seus partícipes ou accionistas. En tal caso, se algunha IIC fusionada non foi autorizada en España, a CNMV manifestará a súa desconformidade ás súas autoridades competentes e informaraas posteriormente, nun prazo de vinte días hábiles a partir da recepción desta, de se está satisfeita coa información modificada que se lles debe proporcionar aos partícipes ou accionistas da IIC beneficiaria.»

Dezanove. Modifícase o punto 1 do artigo 43, que queda redactado como segue:

«1. O contido da información a que se refire o punto 3.b) do artigo anterior que se lles debe facilitar aos partícipes ou accionistas da ou das IIC fusionadas incluírá, en todo caso, os seguintes elementos:

a) Datos detallados sobre calquera diferenza nos dereitos dos partícipes ou accionistas da ou das IIC fusionadas antes e despois de que se produza a fusión prevista.

b) Se o documento cos datos fundamentais para o investidor da ou das IIC fusionadas e da IIC beneficiaria sitúan os indicadores sintéticos de risco e remuneración en diferentes categorías, ou determinan a existencia de riscos significativos diferentes na descrición correspondente, deberá constar unha comparación desas diferenzas.

c) Unha comparación de todos os gastos e comisións aplicables a todas as IIC participantes, sobre a base das cantidades indicadas nos seus documentos cos datos fundamentais para o investidor.

d) Se a ou as IIC fusionadas aplican comisións en función da rendibilidade, unha explicación de como se aplicarán até o momento en que a fusión sexa efectiva.

e) Se a IIC beneficiaria aplica comisións en función da rendibilidade, unha explicación de como se aplicarán posteriormente, a fin de garantir a igualdade de trato dos partícipes ou accionistas que posuían anteriormente participacións na ou nas IIC fusionadas.

f) Datos sobre a forma de asignar á IIC os custos asociados á preparación e á realización da fusión, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 37.9.

g) Unha explicación de se a sociedade de investimento ou de xestión da ou das IIC fusionadas se propón proceder a algún reaxuste de carteira antes de que a fusión sexa efectiva.

2. O contido da información a que se refire o punto 3.b) do artigo anterior que se lles debe facilitar aos partícipes ou accionistas da IIC beneficiaria incluírá en todo caso unha explicación de se a sociedade de investimento ou de xestión da IIC beneficiaria prevé que a fusión teña algunha incidencia substancial na súa carteira e de se se propón levar a cabo algún reaxuste de carteira, xa sexa antes ou despois de que a fusión sexa efectiva.»

Vinte. Engádese un parágrafo ao final da letra a) e modifícanse as letras, f), h) e j) do artigo 48.1, que quedan redactadas como segue:

«a) Os valores e instrumentos financeiros previstos no artigo 2.1, con excepción da letra j) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, admitidos a cotización en mercados regulados ou sistemas multilaterais de negociación, calquera que sexa o Estado en que se encontren radicados, sempre que, en todo caso, se cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que se trate de mercados que teñan un funcionamento regular.

2.º Que ofrezan unha protección equivalente aos mercados oficiais radicados en territorio español.

3.º Que dispoñan de regras de funcionamento, transparencia, acceso e admisión a negociación similares ás dos mercados oficiais radicados en territorio español.

As SXIIC e as sociedades de investimento deberán asegurarse, con anterioridade ao inicio dos investimentos, que os mercados nos cales pretendan investir cumpren tales requisitos e recoller no folleto explicativo da IIC unha indicación dos mercados en que se vai investir.

En todo caso, as IIC só poderán investir naquelas titulizacións cuxo orixinador reteña ao menos o 5 por cento conforme o disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, e estean sometidas aos límites das posicións de titulización previstos en tal regulamento delegado.»

«f) Os instrumentos financeiros derivados negociados nun mercado ou sistema de negociación que cumpra os requisitos sinalados na letra a) anterior sempre que o activo subxacente consista en activos ou instrumentos dos mencionados nas letras a), b), c) e d), risco de crédito, volatilidade, índices financeiros, tipos de xuro, tipos de cambio, divisas ou inflación de países ou zonas xeográficas, sempre e cando as súas regras de cálculo, transparencia e difusión sexan equivalentes ás establecidas para o índice de prezos de consumo harmonizado da Unión Europea, en que a IIC de carácter financeiro poida investir

segundo a súa política de investimento declarada no folleto e no documento dos datos fundamentais para o investidor. Calquera outro instrumento derivado sempre que a CNMV aprobase a súa utilización por parte das IIC, con carácter xeral ou particular.

Esta autorización outorgarase atendendo fundamentalmente ás características específicas do instrumento, á súa aplicación e utilización nos mercados financeiros, así como á incidencia sobre a política de xestión de riscos e investimentos das IIC.

Cando o subxacente sexa un índice financeiro, deberá reflectir a evolución dos activos aptos para o investimento que especifique este regulamento ou a súa normativa de desenvolvemento. O índice deberá estar suficientemente diversificado, representar unha referencia adecuada da evolución do mercado a que se refire e ter unha difusión pública adecuada. O axente de cálculo dun índice financeiro non poderá pertencer ao mesmo grupo económico que a entidade que actúe de contrapartida nun instrumento financeiro derivado cuxo subxacente sexa o dito índice.»

«h) Os instrumentos do mercado monetario, sempre que sexan líquidos e teñan un valor que se poida determinar con precisión en todo momento, non negociados nun mercado ou sistema de negociación que cumpra os requisitos sinalados na letra a):

1.º Sempre que se cumpra algún dos seguintes requisitos:

i. Que estean emitidos ou garantidos polo Estado, polas comunidades autónomas, polas entidades locais, polo Banco de España, polo Banco Central Europeo, pola Unión Europea, polo Banco Europeo de Investimentos, polo banco central dun Estado membro, por calquera Administración pública dun Estado membro, por un terceiro país ou, no caso de Estados federais, por un dos membros integrantes da federación, ou por un organismo público internacional a que pertencen un ou máis Estados membros.

ii. Que estean emitidos por unha empresa cuxos valores se negocien nun mercado que cumpra os requisitos sinalados na letra a).

iii. Que estean emitidos ou garantidos por unha entidade suxeita a supervisión prudencial.

iv. Que estean emitidos por entidades pertencentes ás categorías que determine a CNMV.

2.º Sempre que satisfagan un dos seguintes criterios:

i. Que, na data de emisión, teñan un vencemento inferior ou igual a 397 días;

ii. Que teñan un vencemento residual inferior ou igual a 397 días;

iii. Que estean suxeitos a axustes de rendemento periódicos, consonte as condicións do mercado monetario, ao menos unha vez cada 397 días;

iv. Que o seu perfil de risco, incluídos os riscos de crédito e de tipo de xuro, corresponda ao de instrumentos financeiros cun vencemento como o previsto nos puntos 2.º i ou ii, ou estean suxeitos a axustes de rendemento segundo o previsto no punto 2.º iii.

Ademais, consideraranse líquidos sempre que se poidan vender a un custo limitado nun prazo razoablemente breve, tendo en conta a obrigaición da institución de investimento colectivo de recomprar ou reembolsar as súas participacións ou accións por petición de calquera partícipe ou accionista.»

«j) Os seguintes activos e instrumentos financeiros, até un máximo conxunto do 10 por cento do seu patrimonio:

1.º As accións e activos de renda fixa admitidos a negociación en calquera mercado ou sistema de negociación que non cumpran os requisitos establecidos na letra a) ou que dispoñan doutros mecanismos que garantan a súa liquidez ao

menos coa mesma frecuencia con que a IIC investidora atenda os reembolsos das súas accións ou participacións, xa sexa directamente ou de acordo co previsto no artigo 82.

2.º Os valores non cotizados de acordo co previsto no artigo 49.

3.º As accións e participacións, cando sexan transmisibles, das entidades de capital risco reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, así como as entidades estranxeiras similares.

Os folletos das IIC que pretendan investir nalgún dos activos sinalados nesta letra deberán facer mención expresa e claramente destacada diso, incluíndo información detallada sobre tales investimentos, os riscos que comportan e os criterios de selección a que se axustarán.»

Vinte e un. Modifícanse os puntos 1, 4 e 9 do artigo 51, que quedan redactados como segue:

«1. O investimento nos activos e instrumentos financeiros sinalados no primeiro parágrafo do punto segundo do artigo anterior, emitidos ou avalados por un mesmo emisor, as posicións fronte a el en produtos derivados e os depósitos que a IIC teña na dita entidade non poderá superar o 20 por cento do patrimonio da IIC.

Para os efectos dos límites establecidos no punto 2 do artigo anterior, así como nos puntos 1, 2, 3 e 4 deste artigo, as entidades que formen parte dun mesmo grupo económico consideraranse como un único emisor. Consideraranse pertencentes a un mesmo grupo as entidades que se encontren nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.»

«4. Sen prexuízo da excepción prevista no primeiro parágrafo do artigo 50.2.b), a suma dos investimentos nos activos e instrumentos financeiros sinalados no primeiro parágrafo e no punto 2.c) do mesmo artigo emitidos por un emisor, as posicións fronte a el en produtos derivados e os depósitos que a IIC teña na dita entidade, non poderán superar o 35 por cento do patrimonio da IIC.»

«9. O ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a CNMV poderán elevar ao 20% o límite sinalado no primeiro parágrafo do artigo 50.2.a).»

Vinte e dous. Modifícase o punto 4 do artigo 52, que queda redactado como segue:

«4. A exposición ao risco de mercado do activo subxacente asociada á utilización de instrumentos financeiros derivados deberá tomarse en conta para o cumprimento dos límites de diversificación sinalados no artigo 50.2 e no artigo 51.1, 4 e 5. Para tales efectos, exclúiranse os instrumentos derivados cuxo subxacente sexa un índice bolsista ou de renda fixa que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 50.2.d), os tipos de xuro, os tipos de cambio, as divisas, os índices financeiros, a volatilidade, así como calquera outro subxacente que a CNMV determine por presentar unhas características similares aos anteriores.»

Vinte e tres. Modifícase o artigo 72, que queda redactado como segue:

«As sociedades de investimento de carácter financeiro ou SICAV non harmonizadas e os fondos de investimento de carácter financeiro ou FI non harmonizados a que se refire o artigo 13 deberán cumprir con todas as previsións deste regulamento, salvo as seguintes excepcións:

a) En caso de IIC que repliquen ou reproduzan un determinado índice bolsista ou de renda fixa a que se refire o artigo 50.2.d), o límite do 20 por cento establecido neste artigo poderase ampliar ao 35 por cento en máis dun emisor sempre e cando veña xustificada por causas excepcionais no mercado e se faga constar no folleto e en toda publicidade de promoción da IIC.

b) As IIC a que se refire este artigo poderán non cumprir co requisito previsto no artigo 50.2 b), terceiro parágrafo.

c) Ás IIC que leven a cabo unha xestión encamiñada á consecución dun obxectivo concreto de rendibilidade en que exista unha garantía outorgada á propia institución por un terceiro, tampouco se lles aplicarán os límites previstos no artigo 52.3 e 4 e no artigo 51.3.

d) As IIC a que se refire este artigo poderán investir, xunto cos activos a que se refire o artigo 48.1.j) e até un máximo conxunto do 10 por cento do seu patrimonio, en accións e participacións de IIC non autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, distintas das previstas no artigo 48.1.c) e d), así como en accións e participacións de IIC de investimento libre, tanto as reguladas nos artigos 73 e 74 como as institucións estranxeiras similares.

e) As IIC a que se refire este artigo poderán investir en instrumentos financeiros derivados cuxo activo subxacente consista en accións ou participacións de IIC de investimento libre, institucións estranxeiras similares, materias primas para as cales exista un mercado secundario de negociación, así como calquera outro activo subxacente cuxa utilización fose autorizada pola CNMV.»

Vinte e catro. Modifícase o artigo 73, que queda redactado como segue:

«Artigo 73. *Disposicións especiais das IIC de investimento libre.*

1. Ás IIC a que se refire este artigo seranlles aplicables as regras sobre IIC de carácter financeiro contidas neste regulamento, coas seguintes excepcións:

a) As accións ou participacións destas IIC deberanse subscribir ou adquirir mediante un desembolso mínimo inicial de 100.000 euros. A exigencia anterior non será aplicable aos partícipes que teñan a condición de clientes profesionais tal e como están definidos no artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

b) Só poderán realizar as actividades de comercialización a que se refire o artigo 2.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, cando se dirixan a clientes profesionais tal e como se definen no artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

Non obstante o anterior, as accións ou participacións das IICIL poderanse comercializar a investidores non profesionais cando tales investidores realicen un desembolso mínimo inicial de 100.000 euros e deixen constancia por escrito de que coñecen os riscos inherentes ao investimento, tal e como se sinala na letra n) deste artigo.

c) As IIC de investimento libre terán como mínimo 25 accionistas ou partícipes.

d) As subscricións e reembolsos dos fondos de investimento ou, de ser o caso, as adquisicións e vendas das accións das sociedades de investimento poderán efectuarse, sempre que o folleto o estableza, mediante a entrega de activos e instrumentos financeiros aptos para o investimento, adecuados á vocación investidora da IIC.

e) O valor liquidativo das accións e participacións deberá calcularse, ao menos, trimestralmente. Non obstante, cando así o exijan os investimentos previstos, o valor liquidativo poderá ser calculado cunha periodicidade non superior á semestral. As subscricións e reembolsos dos fondos ou, de ser o caso, as adquisicións e vendas das accións das sociedades de investimento realizaranse coa mesma periodicidade que o cálculo do valor liquidativo. Non obstante, unha IIC de investimento libre poderá non outorgar dereito de reembolso en todas as datas de cálculo do valor liquidativo cando así o exijan os investimentos previstos. Esta circunstancia deberá figurar expresamente no folleto informativo.

f) A CNMV poderá autorizar que as IIC de investimento libre establezan períodos mínimos de permanencia para os seus accionistas ou partícipes cunha duración máxima dun ano. Esta exigencia deberá constar no folleto da institución.

g) A IIC de investimento libre que garanta o reembolso con cargo ao seu patrimonio poderá establecer un límite máximo ao importe dos reembolsos nunha determinada data. Deberanse aplicar regras de rateo cando as peticións de reembolsos superen ese límite máximo. Para unha petición de reembolso determinada, o rateo poderase aplicar só unha vez. Cando o socio ou participe non renunciase expresamente, a parte non aboada será reembolsada con prioridade na seguinte data de cálculo de valor liquidativo e será calculada conforme este. Estas circunstancias deberán constar no folleto informativo.

h) Non lles resultarán de aplicación as previsións deste regulamento sobre os límites máximos e as formas de cálculo das comisións de xestión, depósito, subscripción e reembolso.

i) A IIC de investimento libre poderá establecer períodos de aviso previo para as subscripcións e os reembolsos, calquera que sexa a súa contía. Esta circunstancia deberá constar no folleto.

j) Non lles resultará de aplicación o disposto no artigo 78.5 sobre o prazo máximo para o pagamento do reembolso. Non obstante, o pagamento do reembolso deberase realizar antes de que transcorra o dobre do período de cálculo do valor liquidativo contado desde a data a que corresponda o valor liquidativo aplicable, sendo este último o primeiro calculado con posterioridade ao vencemento do aviso previo, e sempre, en todo caso, antes de expirar os nove meses posteriores á data en que se produciu o aviso previo. Estas circunstancias deberán constar no folleto.

k) Poderán investir, atendendo aos principios de liquidez, diversificación do risco e transparencia que se recollen no artigo 23 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, en activos e instrumentos financeiros dos relacionados no artigo 30.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, sempre que o activo subxacente no caso de instrumentos derivados consista en activos ou instrumentos mencionados no artigo 48.1.f); en materias primas para as cales exista un mercado secundario de negociación; accións ou participacións en IIC de investimento libre, así como en institucións estranxeiras similares a estas; calquera outro activo subxacente cuxa utilización fose autorizada pola Comisión Nacional do Mercado de Valores; ou calquera combinación das mencionadas nas letras anteriores.

Adicionalmente, e sen que lles sexa de aplicación o principio de liquidez, poderán investir en facturas, préstamos, efectos comerciais de uso habitual no ámbito do tráfico mercantil e outros activos de natureza similar, en activos financeiros vinculados a estratexias de investimento cun horizonte temporal superior a un ano e en instrumentos financeiros derivados, calquera que sexa a natureza do subxacente sempre que a súa liquidación non supoña a incorporación ao patrimonio da IICIL dun activo non financeiro. Así mesmo, poderán outorgar préstamos. No caso das IIC a que se refire este parágrafo, a CNMV poderá autorizar, tendo en conta os investimentos previstos, que establezan períodos mínimos de permanencia superiores ao previsto na letra f). Tales períodos poderán chegar ao prazo previsto para a liquidación dos investimentos que efectúen.

As IICIL a que se refire o parágrafo anterior só se poderán comercializar a clientes profesionais e non lles resultará de aplicación o previsto no artigo 30.4 da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

As IIC previstas neste artigo non lles serán de aplicación as regras sobre investimentos contidas na sección 1.^a do capítulo I do título III deste regulamento.

En todo caso, só poderán investir naquelas titulizacións cuxo orixinador reteña ao menos o 5 por cento, conforme o disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, e estean sometidas aos límites das posicións de titulización previstos en tal regulamento delegado.»

l) As IICIL só se poderán endebedar sempre que tal endebedamento non supere en cinco veces o valor do seu patrimonio e este sexa congruente coa implementación da súa política e estratexia de investimento. Non lles serán de

aplicación os límites xerais previstos na Lei 35/2003, do 4 de novembro, para a o peñoramento de activos.

As IICIL cuxa política de investimento consista na concesión de préstamos non se poderán endebedar.

No folleto informativo incluírase información sobre os criterios que a IIC ou a sociedade xestora decidiron aplicar na valoración dos activos, a posible existencia de conflitos de interese ao realizar operacións vinculadas, as comisións e gastos aplicables á IIC e aos investidores e os avisos previos mínimos exixibles para realizar os reembolsos que garantan unha adecuada xestión da liquidez da IIC.

m) O sistema de xestión do risco a que se refire o artigo 52.1 deberá controlar o incumprimento dos seus compromisos de reembolso de efectivo ou de entrega de valores e deberá incluír a realización periódica de exercicios de simulación, que permitan coñecer o efecto sobre a capacidade de cumprimento das obrigacións da IIC no caso dunha evolución adversa do mercado. Non lles será aplicable o punto 2 do mencionado artigo.

n) Con anterioridade á subscripción ou adquisición das participacións ou das accións destas IIC, o investidor deberá deixar constancia por escrito de que coñece os riscos inherentes ao investimento. O cumprimento desta obrigación entenderase sen prexuízo do respecto en todo momento, por parte destas IIC, ás normas de conduta previstas na Lei 35/2003, do 4 de novembro, neste regulamento e nas súas normas de desenvolvemento.

A exixencia do documento en que conste por escrito o consentimento anterior non será aplicable aos clientes profesionais tal e como están definidos no artigo 78 bis.3 da Lei 24/1988, do 28 de xullo. Tampouco será exixible ese documento cando existan contratos de xestión discrecional de carteiras que autoricen a investir neste tipo de IIC e inclúan advertencias equivalentes ás do documento citado.

ñ) Estas IIC inscribíranse nun rexistro especial creado para tal efecto na CNMV.

o) A CNMV determinará o grao de detalle con que, conforme o artigo 17.5 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, estas institucións informarán sobre a súa carteira de títulos, sen que lles resulte de aplicación a este respecto o artigo 26.1.d) deste regulamento en relación cos informes anual, semestral e trimestral.

p) A CNMV determinará o réxime de utilización de valores liquidativos estimados para estas IIC.

2. O ministro de Economía e Competitividade poderá, para protexer a integridade do mercado, establecer excepcións temporais ao réxime previsto neste artigo, con carácter xeral ou individual, para un ou varios fondos, ou para un ou varios dos requisitos establecidos nos parágrafos anteriores. A CNMV desenvolverá o contido do documento a que se refire a letra n), o cal deberá reflectir con claridade os riscos que implica o investimento, así como permitir ao investidor un adecuado coñecemento daqueles.

3. Así mesmo, a CNMV establecerá os requisitos específicos que deben ter as sociedades xestoras deste tipo de IIC. En cumprimento do previsto no artigo 43.1.i) e j) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, entre os requisitos que deben cumprirse inclúranse, en todo caso:

a) Dispoñer de medios humanos e materiais necesarios que permitan efectuar un adecuado control de riscos, incluíndo sistemas de control e medición de riscos, e que permitan efectuar unha valoración previa e un seguimento continuo dos investimentos.

b) Contar con procedementos adecuados de selección de investimentos.

4. Adicionalmente, a CNMV poderá establecer, entre outros requisitos, exixencias adicionais de recursos propios ás sociedades xestoras que xestionen este tipo de IIC.

5. As sociedades xestoras que xestionen IICIL que invistan en facturas, préstamos e efectos comerciais de uso habitual no ámbito do tráfico mercantil, e que outorguen préstamos, deberán cumprir, adicionalmente, cos seguintes requisitos:

a) Dotarse dun procedemento de xestión do risco de crédito así como dun sistema de valoración e clasificación dos préstamos, que deberá prever un seguimento reforzado de créditos que presenten riscos superiores. Adicionalmente, deberán dispoñer dun procedemento de análise e avaliación da solvencia dos prestameiros, tanto con carácter previo como de maneira periódica. Este procedemento incorporará os criterios con base nos cales se poderán conceder préstamos ou investir neles.

b) No folleto deberanse incluír advertencias sobre os riscos específicos deste tipo de investimentos e detalles sobre os criterios empregados para a valoración do crédito e o proceso de análise, avaliación e concesión dos préstamos. Na información pública periódica informarase de cada préstamo e, en particular, identificaranse os préstamos cualificados como dubidosos, que presenten impagamentos, que se encontren en proceso de execución e cuxa situación de solvencia cambiase respecto do período precedente.

c) A carteira de facturas, préstamos e outros efectos comerciais deberá estar suficientemente diversificada a nivel de prestameiros ou debedores e no folleto deberase prever o prazo necesario para lograr esta diversificación. Se á IICIL lle resultar imposible alcanzala, a xestora deberá revisar a estratexia de investimento e informar os investidores da nova estratexia de investimento ou, de ser o caso, da disolución da IICIL.

d) As IICIL non concederán préstamos nin investirán en préstamos concedidos a persoas físicas, aos accionistas ou partícipes das IICIL, a outras IIC, ás persoas ou entidades vinculadas de conformidade co artigo 67 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, nin ás entidades reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro.

e) As IICIL poderán investir soamente en préstamos previamente concedidos cunha antelación de, ao menos, 3 anos.

A CNMV poderá establecer requisitos adicionais ás sociedades xestoras a que fai referencia este punto 5.»

Vinte e cinco. Modifícase o punto 2.b) do artigo 79, que queda redactado como segue:

«b) Cumprir as regras especiais do artigo 82.1, sen prexuízo de que o folleto mencionado no artigo 26.1.c) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, poderá ser o establecido neste regulamento. Non resultará exixible, no momento da súa admisión a cotización, que o número mínimo de partícipes sexa o establecido no artigo 3. A constitución dos fondos ante notario e a súa inscrición no Rexistro Mercantil será potestativa.»

Vinte e seis. Modifícase o punto 1 do artigo 82, que queda redactado como segue:

«1. As SICAV poderán solicitar a admisión a negociación en bolsa de valores das súas accións, á cal se aplicarán as seguintes regras especiais:

a) Os requisitos recollidos no artigo 26.1.a) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, e por referencia, no seu artigo 32, cumpriranse mediante a presentación da correspondente escritura de constitución, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil e, de ser o caso, de certificación literal do correspondente acordo de emisión.

b) Non será exixible o requisito establecido no artigo 32.1.c) do Regulamento das bolsas oficiais de comercio, aprobado polo Decreto 1506/1967, do 30 de xuño.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 94, que queda redactado como segue.

«Artigo 94. *Actividades relacionadas coa xestión de IIC.*

1. Para os efectos do disposto nos artigos 40.1 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e 7.2 deste regulamento, a actividade de xestión de investimentos de IIC das SXIIC englobará a xestión de carteiras de IIC e o control e a xestión de riscos.

2. As SXIIC poderán realizar, adicionalmente, as seguintes funcións respecto das IIC que xestionen ou, no marco dunha delegación, con respecto a outras IIC:

a) A administración da IIC. Dentro desta actividade enténdense comprendidas as seguintes tarefas:

1.^a Servizos xurídicos e contables en relación coa xestión da IIC.

2.^a Dar resposta ás consultas dos clientes, relacionadas coas IIC xestionadas.

3.^a Valoración e determinación do valor liquidativo, incluíndo o réxime fiscal aplicable.

4.^a Control do cumprimento da normativa aplicable.

5.^a Xestión do rexistro de partícipes ou accionistas.

6.^a Distribución, de ser o caso, dos rendementos.

7.^a Subscrición e reembolso de participacións de fondos e, de ser o caso, adquisición e alleamento de accións de IIC.

8.^a Liquidación de contratos incluída a expedición de certificados.

9.^a Leva de rexistros.

b) A comercialización de participacións ou accións da IIC.

c) Outras actividades relacionadas cos activos da IIC, en particular, os servizos necesarios para cumprir coas obrigacións fiduciarias dos xestores, a xestión de inmobles e servizos utilizados na actividade, as actividades de administración de bens inmobles, o asesoramento a empresas con respecto a estruturas de capital, estratexia industrial e materias relacionadas, o asesoramento e os servizos relacionados con fusións e adquisición de empresas, así como outros servizos conexos coa xestión da IIC e das empresas e activos en que investiu.»

Vinte e oito. Suprímese o punto 3 do artigo 95.

Vinte e nove. Modifícase o punto 2 e engádese un novo punto 7 ao artigo 96, que quedan redactados como segue:

«2. Os axentes ou apoderados deberán cumprir os requisitos previstos no artigo 43.1.h) e i) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, así como, cando sexan persoas xurídicas, o previsto na letra f) do mesmo artigo.»

«7. Os axentes ou apoderados das SXIIC que sexan persoas xurídicas deberán contar cun capital mínimo, de conformidade co establecido no réxime dos axentes das empresas de servizos de investimento previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo.»

Trinta. Modifícase o punto 9 do artigo 97, que queda redactado como segue:

«9. Será de aplicación supletoria aos axentes ou apoderados o réxime dos axentes das empresas de servizos de investimento previsto na Lei 24/1988, do 28 de xullo.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 98, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 98. *Requisitos para a delegación de funcións das sociedades xestoras.*

1. A delegación de funcións por parte das sociedades xestoras de IIC non limitará nin diminuírá a súa responsabilidade respecto ao cumprimento das

obligacións establecidas na normativa en relación coas actividades delegadas. En ningún suposto poderá producirse unha delegación que implique que a SXIIC se converta nunha entidade instrumental ou baleira de contido e que polo tanto, en esencia, non poida ser considerada xestora da IIC.

2. A SXIIC deberá establecer procedementos adecuados de control da actividade da entidade en que se efectúa a delegación e de avaliación permanente dos servizos prestados polo delegado. Cando a SXIIC e a entidade en que se efectúa a delegación pertencen ao mesmo grupo, aquela deberá valorar a súa capacidade para controlar a dita entidade e para influír na súa actuación.

A SXIIC poderá dar en calquera momento instrucións adicionais á entidade en que se efectúa a delegación. Así mesmo, poderá revogar a delegación con efecto inmediato cando isto redunde en interese dos investidores.

A SXIIC en ningún caso poderá delegar funcións en terceiros cando iso diminúa a súa capacidade de control interno, ou cando impida levar a cabo unha supervisión efectiva da SXIIC ou implique que a súa actuación e xestión menoscaba o interese dos investidores.

3. A delegación de funcións deberá cumprir as seguintes condicións:

a) Non suporá delegación de responsabilidade por parte da alta dirección ou do órgano de administración.

b) Non poderá alterar as relacións e obrigacións da SXIIC coa súa clientela.

c) Non se poderán eliminar ou modificar as condicións que debe cumprir a SXIIC para recibir e conservar a autorización pola existencia dun acordo de delegación.

4. As sociedades xestoras de IIC deberán:

a) Adoptar as medidas necesarias para garantir que o terceiro delegado:

1.º Dispón da honorabilidade, competencia, capacidade e de calquera autorización que, de ser o caso, exixa a Lei 35/2003, do 4 de novembro, para realizar as funcións ou servizos delegados de forma fiable e profesional.

2.º Realiza eficazmente os servizos delegados. Para tal fin, a SXIIC deberá establecer medidas para avaliar o seu nivel de cumprimento.

3.º Realiza correctamente as funcións delegadas e xestiona adecuadamente os riscos asociados á delegación. A sociedade xestora que delega deberá establecer medidas para asegurar a correcta supervisión destas funcións delegadas.

4.º Comunica á SXIIC calquera suceso que poida afectar de maneira significativa o desempeño eficaz e conforme a normativa aplicable das funcións delegadas.

5.º Coopera coa CNMV en todo o relativo ás actividades delegadas nel.

6.º Protexe toda a información confidencial referida á SXIIC e aos seus clientes.

b) Adoptar as medidas adecuadas cando se aprecie que o terceiro non pode realizar as funcións eficazmente e de acordo coas disposicións normativas aplicables.

c) Contar coa experiencia necesaria para supervisar eficazmente as funcións delegadas e para xestionar adecuadamente os riscos asociados a tal delegación.

d) Poder rescindir o contrato de delegación cando resulte necesario sen detrimento para a continuidade e calidade na prestación de servizos aos clientes.

e) Facilitar aos seus auditores e ás autoridades competentes o acceso efectivo aos datos referidos ás actividades delegadas e ás dependencias do terceiro delegatario. Así mesmo, a SXIIC deberá asegurarse de que as autoridades competentes poden efectivamente exercer o dereito de acceso.

f) En colaboración co terceiro, elaborar, aplicar e manter un plan de emerxencia para a recuperación de datos en caso de catástrofes e comprobar periodicamente os mecanismos de seguridade informática, cando iso sexa necesario tendo en conta a función ou servizo delegado.

5. O acordo de delegación deberá formalizarse nun contrato escrito en que se concretarán os dereitos e as obrigacións das partes.

Entre as cláusulas dos contratos ou acordos en que se formalice a delegación, deberase incluír expresamente o compromiso da entidade que recibe a delegación de facilitar e permitir o labor de supervisión que, de ser o caso, a CNMV entenda necesario realizar na súa sede social.

A SXIIC deberá pór á disposición da CNMV cando esta o solicite, toda a información que sexa necesaria para a supervisión do cumprimento das actividades delegadas.

6. O folleto da IIC deberá recoller expresamente a existencia das delegacións e detallar o seu alcance.

7. As entidades en que as sociedades xestoras de IIC efectúen delegacións estarán suxeitas ao réxime de operacións vinculadas nos termos establecidos no artigo 67 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e no artigo 139 deste regulamento.

8. Os acordos de delegación a que se refire o punto 5 deberán xustificar toda a estrutura organizativa de delegación en razóns obxectivas, como o aumento específico da eficacia no exercicio da súa actividade.

9. Requirirá comunicación á CNMV a delegación polas sociedades xestoras de IIC, nunha ou varias entidades, da actividade de xestión de carteiras e xestión do risco, que estará suxeita aos seguintes requisitos:

a) A entidade en que se delegue a xestión de carteiras ou a xestión do risco será unha SXIIC ou aquelas outras entidades habilitadas para prestar o servizo de investimento previsto no artigo 63.1.d) da Lei 24/1988, do 28 de xullo, ou entidades estranxeiras similares habilitadas para realizar a xestión de carteiras e suxeitas a supervisión. Non obstante, logo de autorización da CNMV, poderán delegarse en entidades que non cumpran o anterior as seguintes funcións:

1.º) A xestión de carteiras e a xestión do risco de IIC distintas ás reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

2.º) A xestión de riscos de IIC reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009.

b) A CNMV poderá establecer os requisitos que deban cumprir os contratos de delegación da xestión de carteiras ou a xestión do risco que deberán garantir a continuidade na xestión de carteiras e na xestión do risco de modo que aqueles non queden resoltos pola mera substitución da SXIIC, salvo que ao acordar esa substitución se decida tamén a da entidade ou entidades que realizan funcións por delegación.

c) No caso de delegación da xestión de carteiras ou da xestión do risco nunha entidade domiciliada nun Estado non membro da Unión Europea, deberase garantir a cooperación a través dun acordo escrito entre as autoridades competentes do país de orixe da xestora e as autoridades de supervisión da entidade á cal se delegase a xestión.

d) No caso de delegación da xestión de carteiras ou da xestión do risco dun fondo de investimento, a delegación conferirá aos partícipes do fondo de investimento o dereito ao reembolso das súas participacións sen comisión ou desconto de reembolso nin gasto ningún nos termos do artigo 12.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e do artigo 14.2 deste regulamento.

10. A delegación das funcións de control interno, isto é, auditoría interna, cumprimento normativo e xestión de riscos, así como das funcións relativas á administración das IIC, deberá ser comunicada con carácter previo a que sexa efectiva pola SXIIC á CNMV, para a súa incorporación ao rexistro da CNMV.

11. Non poderán delegarse as funcións de xestión de carteiras nin a xestión do risco:

a) No depositario nin nunha entidade en que este delegase algunha das súas funcións.

b) Nunha entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos da SXIIC ou os dos investidores das IIC, a menos que esa entidade separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións de xestión de carteiras ou de xestión de riscos doutras funcións potencialmente conflitivas, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados, mitigados e comunicados aos investidores da IIC.

12. Cando unha SXIIC autorizada en España leve a cabo a actividade de xestión dunha IIC autorizada noutro Estado membro da Unión Europea, a CNMV transmitirá inmediatamente toda a información relativa á delegación de funcións que esta sociedade efectúe á autoridade competente do Estado membro de orixe da IIC. Resultan de aplicación ao suposto previsto neste punto os requisitos que para a delegación da xestión de investimentos e da administración das IIC se prevén nos puntos anteriores deste artigo.

13. En todo caso, non se poderán delegar funcións en ningunha entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos da SXIIC ou sociedade de investimento ou cos dos partícipes ou accionistas.»

Trinta e dous. Engádese un novo artigo 98 bis coa redacción seguinte:

«Artigo 98 bis. *Subdelegación de funcións.*

1. A entidade en que se delegasen funcións conforme o artigo anterior, poderá, pola súa vez, subdelegar calquera das funcións que se delegasen nela, sempre e cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a SXIIC dese o seu consentimento antes de proceder á subdelegación.
b) Que a SXIIC informase a CNMV antes de que produzan efecto os acordos de subdelegación.

c) Que cumpra as condicións previstas no artigo 98.2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 11.

2. Non poderá subdelegarse a xestión de carteiras nin a xestión do risco:

a) No depositario nin nun delegado deste.

b) Nunha entidade cuxos intereses poidan entrar en conflito cos intereses da SXIIC ou os dos investidores da IIC, a menos que esa entidade separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións de xestión de carteira ou de xestión de riscos doutras funcións potencialmente conflitivas, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados, mitigados e comunicados aos investidores da IIC.

O delegado en cuestión someterá os servizos prestados por cada un dos subdelegados a unha avaliación permanente.

3. En caso de que o subdelegado delegue pola súa vez algunha das funcións que lle fosen delegadas, aplicaranse, pola súa vez, as condicións previstas no punto 1.

A CNMV poderá establecer outros requisitos que deban satisfacer a delegación e subdelegación de funcións. En todo caso, deberase garantir a continuidade na administración dos activos de modo que aqueles contratos non queden resoltos

pola mera substitución das SXIIC, salvo que ao acordar tal substitución se decida tamén a da entidade que xestiona os activos da entidade.»

Trinta e tres. Modifícase o punto 1 do artigo 100, que queda redactado como segue:

«1. As SXIIC e as sociedades de investimento autoxestionadas, sen prexuízo do disposto nos artigos 80 e 92, disporán en todo momento duns recursos propios que non poderán ser inferiores á maior das seguintes cantidades:

a) Un capital social e uns recursos propios adicionais conforme o seguinte:

1.º Un capital social mínimo integramente desembolsado de:

i) 125.000 euros para as SXIIC.

ii) 300.000 euros para as sociedades de investimento autoxestionadas, sen prexuízo do disposto nos artigos 80.2 e 92.2.

2.º Adicionalmente este capital social mínimo deberá de ser incrementado:

Nunha proporción do 0,02 por cento do valor efectivo do patrimonio das IIC e das entidades reguladas na Lei 22/2014, do 12 de novembro, que administren e/ou xestionen, incluídas as carteiras cuxa xestión delegase, pero non as carteiras que estea administrando e/ou xestionando por delegación, na parte que o dito patrimonio exceda os 250.000.000 de euros. En ningún caso a suma exixible do capital inicial e da cantidade adicional deberá superar os 10.000.000 de euros.

A contía adicional de recursos propios a que se refire o parágrafo anterior poderá ser cuberta até nun 50 por cento, cunha garantía polo mesmo importe dunha entidade de crédito ou dunha entidade aseguradora. A entidade de crédito ou aseguradora deberá ter o seu domicilio social nun Estado membro da Unión Europea, ou ben nun terceiro país, sempre que estea sometida a unhas normas prudenciais que, a xuízo da CNMV, sexan equivalentes ás establecidas no dereito da Unión Europea.

3.º Co fin de cubrir os posibles riscos derivados da responsabilidade profesional en relación coas actividades que poidan realizar as SXIIC que xestionen IIC distintas ás autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, ou ECR e EICC, estas deberán:

i) Dispoñer de recursos propios adicionais que sexan adecuados para cubrir os posibles riscos derivados da responsabilidade en caso de negligencia profesional.

Entenderase por recursos propios adicionais adecuados para cubrir os posibles riscos derivados da anterior responsabilidade o 0,01 por cento do patrimonio xestionado das IIC distintas ás autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009.

ii) Ou subscribir un seguro de responsabilidade civil profesional para facer fronte á responsabilidade por negligencia profesional.

Para calcular os recursos propios exixibles a que se refiren os parágrafos anteriores, deducirase do patrimonio das IIC xestionadas, ECR e EICC, o correspondente a investimentos destas noutras institucións ou ECR ou EICC que estean, pola súa vez, xestionadas pola mesma SXIIC.

b) O 25% dos gastos de estrutura cargados na conta de perdas e ganancias do exercicio precedente. Os gastos de estrutura comprenderán os gastos de persoal, os gastos xerais, contribucións e impostos, amortizacións e outras cargas de explotación.

Os gastos de persoal referidos no parágrafo anterior poderán minorarse na contía dos gastos que correspondan a retribucións variables ao persoal. A citada

redución poderase realizar só cando a verdadeira natureza desas retribucións non presente, en parte ou en todo, un compoñente fixo dos gastos ou compromisos asumidos co persoal. Para estes efectos, a CNMV poderá analizar e determinar, de ser o caso, o carácter non variable das ditas retribucións.

A entidade poderá minorar este importe, logo de autorización da CNMV, se a súa actividade diminúise sensiblemente respecto do exercicio anterior. Neste suposto, a nova base de cálculo comunicárase á CNMV, que poderá modificala no prazo de tres meses se considera que non se axusta ao previsto neste regulamento. Igualmente, a entidade deberá incrementar este importe con carácter inmediato se a súa actividade está aumentando sensiblemente respecto ao exercicio anterior.

Cando a entidade non completase un exercicio desde a súa inscrición no rexistro da CNMV, tomarase como base de cálculo os gastos de estrutura previstos no seu plan de negocio.

Entenderase que o nivel de actividade variou substancialmente cando os gastos de estrutura aumenten ou diminúan un 25% respecto aos gastos totais do exercicio anterior, calculados estes últimos en proporción ao correspondente período de tempo transcorrido no exercicio corrente.

Independentemente do importe que representen estes requisitos, os recursos propios da SXIIC non poderán ser en ningún momento inferiores ao importe estipulado no artigo 97.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.»

Trinta e catro. Modifícase o artigo 102, que queda redactado como segue:

«Artigo 102. *Obrigacións de investimento dos recursos propios.*

Os recursos propios mínimos exixibles de acordo co artigo 100.1.a) investiranse en activos líquidos ou facilmente convertibles en efectivo a curto prazo e non incluírán posicións especulativas. Entre eses activos poderanse encontrar os sinalados no artigo 30.1.a) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, os depósitos en entidades de crédito, as contas á vista e as accións ou participacións de IIC, incluídas as que xestionen, sempre que tales IIC cumpran o previsto no artigo 48.1.c) e d), salvo a prohibición de investir máis dun 10 por cento do patrimonio da IIC en accións ou participacións doutras IIC. O resto dos recursos propios poderán estar investidos en calquera activo adecuado para o cumprimento do seu fin social, entre os cales se encontrarán as institucións previstas neste regulamento, as ECR e EICC sempre que o investimento se realice con carácter de permanencia.

A subscrición ou reembolso dos investimentos da SXIIC nas IIC que xestione deberán realizarse, en todo caso, dando as oportunas instrucións ao depositario da IIC cun aviso previo de cinco días. O depositario deberá manter un soporte documental do aviso previo realizado pola SXIIC.»

Trinta e cinco. Modifícase o artigo 106, que queda redactado como segue:

«1. A SXIIC deberá, en todo momento:

- a) Operar no exercicio da súa actividade honestamente, coa competencia, co esmero e coa dilixencia debidos, e con lealdade.
- b) Actuar no mellor interese das IIC que xestionen ou dos investidores desas IIC e da integridade do mercado.
- c) Posuír e utilizar con eficacia os recursos e procedementos necesarios para levar a bo termo a súa actividade empresarial.
- d) Adoptar todas as medidas que resulten razoablemente necesarias para detectar, xestionar, controlar, reducir ao mínimo e evitar conflitos de intereses e, cando estes non poidan ser evitados, para detectar, xestionar, controlar, mitigar e,

se procede, revelar tales conflitos de intereses co fin de evitar que prexudiquen os intereses das IIC e dos seus investidores e asegurar que as IIC que xestionen reciban un trato equitativo.

e) Cumprir todos os requisitos aplicables ao exercicio da súa actividade empresarial co fin de promover o mellor interese das IIC que xestionen ou dos investidores desas IIC e da integridade do mercado.

f) Tratar de forma equitativa a todos os investidores das IIC.

Ningún investidor nunha IIC poderá recibir un trato preferente, salvo que estea previsto no regulamento ou nos documentos constitutivos da IIC de que se trate e se permita de acordo coa normativa vixente.

2. Os mecanismos de organización e control interno deberán garantir, entre outros, os aspectos seguintes:

a) Que cada transacción relacionada coas IIC administradas poida reconstruírse consonte a súa orixe, as partes que participen, a súa natureza e o tempo e lugar en que se realizase.

b) Que os activos dos fondos de investimento ou das sociedades de investimento que administre a SXIC se invistan consonte o disposto nos folletos da IIC que xestionen e nas disposicións normativas vixentes.

c) Que as actividades profesionais se desempeñan cun grao de independencia adecuado ao tamaño e actividades da SXIC e do grupo a que pertenza.

3. Para cumprir cos puntos anteriores, preveranse as medidas e os procedementos seguintes:

a) Procedementos efectivos para impedir ou controlar o intercambio de información entre as persoas competentes que desempeñen actividades de xestión de carteiras colectivas con risco de conflito de intereses, se tal intercambio pode danar os intereses dun ou máis clientes.

b) Supervisión separada das persoas competentes cuxa función principal consista en prestar servizos ou desempeñar actividades de xestión colectiva de carteiras en nome de clientes ou investidores cuxos intereses poidan entrar en conflito ou que representen doutro modo intereses diferentes, incluídos os da sociedade de xestión, que poidan tamén orixinar conflitos.

c) Eliminación de toda relación directa entre a remuneración das persoas competentes que exerzan principalmente unha actividade e a remuneración doutras persoas competentes que desempeñen esencialmente outra actividade, ou tamén entre a remuneración desas primeiras persoas e os ingresos xerados polas segundas, nos casos en que poidan xurdir conflitos de intereses en relación con esas actividades.

d) Medidas para impedir ou restrinxir a posibilidade de que alguén inflúa indebidamente na forma en que unha persoa competente desempeñe as súas actividades de xestión colectiva de carteiras.

e) Medidas para impedir ou controlar a participación simultánea ou consecutiva dunha persoa competente en actividades separadas de xestión colectiva de carteiras, cando tal participación poida afectar a correcta xestión de calquera conflito de intereses.

Entenderase por persoa competente calquera das seguintes persoas: un socio, cargo directivo ou un xestor da sociedade xestora; un empregado desta, así como calquera outra persoa física cuxos servizos se encontren á disposición e baixo o control da xestora e que participe nos servizos de xestión colectiva prestados por ela; e unha persoa física que estea directamente vinculada na prestación dun servizo á xestora en virtude dun acordo de delegación de funcións.

4. Na súa organización interna, as SXIC empregarán en todo momento os recursos humanos e técnicos adecuados que precise a correcta xestión das IIC.

Ademais, as SXIIC garantirán o desempeño permanente e independente das seguintes funcións:

a) Unha función de verificación efectiva do cumprimento normativo, asignada a un órgano encargado de detectar e controlar o cumprimento das obrigacións impostas á SXIIC, así como das medidas correctoras adoptadas en caso de detectarse deficiencias, e o asesoramento e asistencia ás persoas competentes responsables dos servizos e actividades da SXIIC.

b) Unha función de auditoría interna, encargada, entre outras tarefas, de establecer, aplicar e manter un plan de auditoría que permita examinar e avaliar a adecuación e efectividade dos mecanismos de control interno, establecendo as recomendacións oportunas e facendo un seguimento do seu efectivo cumprimento. Esta función asignaráselle a un órgano xerárquica e funcionalmente independente dos departamentos operativos, salvo que non se considere oportuno ou adecuado tendo en conta a natureza, escala e complexidade das súas funcións e da natureza e gama das actividades de xestión colectiva de carteiras que desempeñen no exercicio destas funcións.

c) Unha función que garanta unha adecuada xestión dos riscos das IIC, así como dos riscos asociados ás actividades da propia SXIIC. Esta función asignaráselle a un órgano que vele pola aplicación da política e procedementos oportunos, garanta o respecto do sistema de limitación de riscos, preste asesoramento e presente informes periódicos ao consello de administración da SXIIC na súa responsabilidade de supervisión dos sistemas e procedementos de xestión de riscos.

5. As SXIIC contarán con procedementos administrativos e contables adecuados, con mecanismos de control e seguridade para o tratamento electrónico de datos e con procedementos de control interno adecuados, incluídas, en especial, normas que rexan as transaccións persoais dos seus empregados ou a tenza ou xestión de investimentos con obxecto de investir por conta propia.

6. Facúltase o ministro de Economía e Competitividade e, coa súa habilitación expresa, a CNMV, para establecer os requisitos mínimos que deberán cumprir os mecanismos de organización, xestión e control internos a que se refiren os puntos anteriores deste artigo, así como a forma en que se debe informar da súa existencia e funcionamento. Estes mecanismos deberán adecuarse ao tipo de IIC que a SXIIC xestione, e a CNMV poderá, de ser o caso, exixir o establecemento de medidas adicionais de control cando o considere necesario.

7. O consello de administración da SXIIC deberá establecer normas de funcionamento e procedementos adecuados para facilitar que todos os seus membros poidan cumprir en todo momento as súas obrigacións e asumir as responsabilidades que lles correspondan de acordo co disposto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, na Lei 24/1988, do 28 de xullo, no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e nas demais disposicións que lles sexan de aplicación.»

Trinta e seis. Engádese un novo artigo 106 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 106 bis. *Xestión do risco.*

1. As SXIIC separarán funcional e xerárquicamente as funcións de xestión do risco das unidades operativas, incluída a de xestión de carteiras.

2. A CNMV, no exercicio das súas facultades de supervisión e inspección, controlará a separación funcional e xerárquica prevista no punto anterior. Este control realizarase de conformidade co principio de proporcionalidade e verificará en especial que as garantías específicas contra os conflitos de interese permiten desempeñar de modo independente as actividades de xestión do risco, e que o proceso de xestión do risco resulte consistente e eficaz.

3. As SXIIC instaurarán sistemas de xestión do risco apropiados co fin de determinar, medir, xestionar e controlar adecuadamente todos os riscos derivados da estratexia de investimento de cada IIC, e aos que estea ou poida estar exposta cada entidade de investimento.

En particular, as SXIIC, ao avaliaren a solvencia dos activos das IIC, non dependerán de maneira exclusiva nin automática das cualificacións crediticias emitidas polas axencias de cualificación crediticia definidas no artigo 3.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, sobre as axencias de cualificación crediticia.

4. As SXIIC deberán, ao menos:

a) Implementar un proceso de dilixencia debida para a análise e avaliación dos investimentos que resulte adecuado, correctamente documentado e actualizado consonte a estratexia de investimento, os obxectivos e o perfil de risco da IIC, de acordo co artigo 142.

b) Garantir que se poidan determinar, medir, xestionar e controlar, correcta e permanentemente, os riscos asociados a cada posición de investimento da IIC, e o seu efecto global na carteira da IIC, en particular aplicando probas de resistencia a situacións límite ou simulacións de casos extremos, e

c) Garantir que o perfil de risco da IIC se corresponda coas súas dimensións, a estrutura da súa carteira e as súas estratexias e obxectivos de investimento, tal como se estableza no regulamento do fondo ou nos documentos constitutivos da IIC e nos folletos.

5. As SXIIC que xestionen IIC distintas ás reguladas pola Directiva 2009/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, establecerán un nivel máximo de apancamento a que poderán recorrer por conta de cada IIC que xestionen, así como o alcance do dereito de reutilización de colaterais ou garantías, tendo en conta en particular:

a) O tipo de IIC.

b) A estratexia de investimento da IIC.

c) As fontes de apancamento da IIC.

d) As relacións relevantes con entidades financeiras que poidan presentar un risco sistémico.

e) A necesidade de limitar a exposición a calquera contraparte.

f) A medida en que o apancamento está cuberto.

g) A proporción de activos e pasivos.

h) A escala, a índole e a importancia da actividade da sociedade xestora no mercado en cuestión.

6. As SXIIC revisarán os sistemas de xestión do risco cunha frecuencia suficiente, e como mínimo unha vez ao ano, e adaptaranos cando sexa necesario.»

Trinta e sete. Engádesse un novo artigo 106 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 106 ter. *Xestión da liquidez.*

1. Respecto de cada IIC que xestionen, con exclusión das sociedades cerradas non apancadas a que se refire o artigo 35 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, as SXIIC establecerán un sistema adecuado de xestión da liquidez e adoptarán procedementos que lles permitan controlar este risco da IIC, co obxecto de garantir que pode cumprir coas súas obrigacións presentes e futuras en relación co apancamento en que puidese incurrir.

2. As SXIIC efectuarán periodicamente probas de resistencia ante situacións límite ou simulacións de casos extremos, tanto en condicións de liquidez normais como excepcionais, que lles permitan avaliar o risco de liquidez da IIC.

3. As SXIIC aseguraranse de que cada unha das IIC que xestione teña unha estratexia de investimento, un perfil de liquidez e unha política de reembolso que sexan coherentes entre si.»

Trinta e oito. Engádesse un novo artigo 106 quáter, coa seguinte redacción:

«Artigo 106 quáter. *Valoración.*

1. As SXIIC aseguraranse de que, para cada IIC que xestionen, se establezan procedementos adecuados e coherentes que permitan valorar, correcta e independentemente, os activos da IIC de conformidade con este artigo, coa lexislación aplicable e cos regulamentos ou cos estatutos da IIC.

2. As normas aplicables á valoración dos activos e ao cálculo do valor liquidativo das accións ou participacións da IIC serán as previstas no regulamento ou nos estatutos da IIC, as cales se axustarán aos criterios que determine a CNMV.

3. Os procedementos de valoración utilizados garantirán que os activos se valoren e que o valor liquidativo se calcule coa frecuencia establecida no folleto ou documentos constitutivos das IIC. Os investidores serán informados das valoracións e dos cálculos na forma establecida nos ditos documentos.

4. As SXIIC garantirán que a función de valoración a realice:

a) Un experto externo, que deberá ser independente da IIC, da sociedade xestora e de calquera outra persoa que manteña vínculos estreitos coa IIC ou coa SXIIC, ou

b) A propia sociedade xestora, coa condición de que a función de valoración sexa funcionalmente independente da de xestión de carteira e que a política remunerativa e outras medidas garantan que se eviten os conflitos de interese e se impida a influencia indebida nos empregados.

O depositario nomeado para unha IIC non poderá ser nomeado como experto externo desa IIC, salvo que separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións como depositario das súas funcións como experto externo, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados, mitigados e comunicados aos investidores ou partícipes das IIC.

5. Cando a función de valoración estea desempeñada por un experto externo, a SXIIC terá que demostrar que:

a) O experto externo está suxeito á obrigaición de inscribirse nun rexistro profesional oficial ou a disposicións legais en materia de conduta profesional.

b) O experto externo pode achegar garantías profesionais suficientes da súa capacidade para realizar eficazmente a función de valoración, de conformidade cos puntos 1 a 3.

c) Que o nomeamento dun experto externo cumpre os seguintes requisitos:

1.º Deberá estar xustificado en razóns obxectivas, como o aumento específico da eficacia no exercicio da actividade desa SXIIC.

2.º O experto externo deberá dispor de recursos suficientes e contar con medios humanos e materiais apropiados para desempeñar as súas funcións, así como cumprir as normas de conduta e control interno. As persoas que desempeñen cargos de administración e dirección deberán reunir o requisito de honorabilidade e ter experiencia suficiente.

3.º O nomeamento dun experto externo non obstruirá de ningún modo a supervisión efectiva da SXIIC nin deberá impedir que a sociedade xestora actúe, ou que as IIC sexan xestionadas, en interese dos seus investidores.

4.º A SXIIC terá que demostrar que o experto externo está cualificado e capacitado para levar a cabo as funcións de que se trate, que foi seleccionado con toda a dilixencia debida e que a propia sociedade xestora está en condicións de:

- i) Controlar de forma efectiva e en todo momento a súa actividade,
- ii) Dar en todo momento novas instrucións ao experto externo, e
- iii) Revogar o seu nomeamento con efecto inmediato cando iso redunde en interese dos investidores.

5.º Cumprir co establecido no artigo 98.2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 10.

6. O experto externo nomeado non poderá delegar a súa función de valoración nun terceiro.

7. As SXIIC a que se refire este artigo deberán notificar o nomeamento do experto externo á CNMV, que poderá exixir que se designe outro experto se non se cumpren ou se deixaron de cumprir as condicións establecidas no punto 5.

8. A valoración desempeñárase de forma obxectiva e coa dilixencia debida.

9. Cando a función de valoración non sexa desempeñada por un experto externo independente, a CNMV poderá exixir á xestora que os seus procedementos de valoración e as súas valoracións sexan verificados por un experto externo ou, de ser o caso, por un auditor.

10. As SXIIC a que se refire o punto 1 serán responsables da adecuada valoración dos activos da IIC, do cálculo do valor liquidativo e da súa publicación. Por conseguinte, a responsabilidade da sociedade xestora ante a IIC e os seus investidores non se verá afectada en ningún caso polo feito de que a sociedade xestora nomease un experto externo.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o experto externo responderá ante a sociedade xestora das perdas que sufra esta última como consecuencia da súa negligencia ou do incumprimento doloso das súas funcións.»

Trinta e nove. Modifícanse as letras c) e e) e engádense as letras g) e h) ao artigo 108, coa seguinte redacción:

«c) Unha descrición da organización administrativa e contable, dos medios técnicos e humanos adecuados ao seu programa de actividades, dos procedementos de control interno e de acceso e salvagarda dos sistemas informáticos, así como dos procedementos e órganos adecuados de control interno e de comunicación para prever e impedir a realización de operacións relacionadas co branqueo de capitais nas condicións establecidas no capítulo II do regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, aprobado polo Real decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo. A descrición irá acompañada, cando for necesario, do correspondente informe elaborado por un experto independente.»

e) Unha relación de persoas que vaian integrar o consello de administración e daqueles que vaian exercer como directores xerais ou asimilados, con información detallada sobre a traxectoria e actividade profesional de todos eles.

O cumprimento dos requisitos de honorabilidade, coñecementos e experiencia que establece o artigo 43.h) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, valoraranse de conformidade cos criterios contidos nos artigos 14 bis, ter, quáter e sexies do Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento, e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.»

«g) As políticas e prácticas remunerativas establecidas para os altos directivos, os responsables de asumir riscos, os que exerzan funcións de control así como calquera empregado incluído no mesmo grupo de remuneración que os anteriores, as cales deberán ser acordos cunha xestión racional e eficaz do risco, de forma que non se induza á asunción de riscos incompatibles co perfil de risco dos vehículos que xestionan.»

«h) Información sobre as disposicións adoptadas para a delegación e subdelegación de funcións en terceiros.»

Corenta. Modifícase o artigo 115, que queda redactado como segue:

«1. Ademais das obrigacións establecidas nos artigos 46 e 46 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, as demais establecidas neste regulamento e na súa normativa de desenvolvemento, as SXIIC deberán cumprir as seguintes:

a) Redactar o regulamento de xestión do fondo e outorgar co depositario, tanto o correspondente contrato constitutivo ou, de ser o caso, a correspondente escritura pública de constitución do fondo como, no seu momento, os documentos ou escrituras de modificación ou liquidación daquel.

b) Exercer todos os dereitos inherentes aos valores integrados no fondo, en exclusivo beneficio dos partícipes.

c) Levar a contabilidade do fondo, coa debida separación da SXIIC, e render contas na forma prevista na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste regulamento.

Naqueles casos en que as participacións estean representadas por medio de anotacións en conta, a SXIIC deberá elaborar, ou outorgar, xunto ao depositario, o documento ou, de ser o caso, a escritura pública a que se refire o artigo 6 da Lei 24/1988, do 28 de xullo.

d) Determinar o valor das participacións na forma e para os efectos previstos neste regulamento.

e) Emitir os certificados de participación no fondo e demais documentos previstos neste regulamento. O anterior non será aplicable no caso de que no rexistro de partícipes da sociedade xestora, as participacións figuren a nome do comercializador por conta de partícipes, de acordo co establecido no artigo 40.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, caso en que será a entidade comercializadora a que deba emitir os certificados correspondentes a cada un dos partícipes. Neste caso, a sociedade xestora emitirá, para cada entidade comercializadora, un certificado das participacións canalizadas a través desta última.

f) Efectuar a subscripción ou o reembolso das participacións e sinalar ao depositario o seu valor de acordo coas normas establecidas para o efecto.

g) Acordar, se procede, a distribución dos resultados do exercicio, de acordo coas normas aplicables.

h) Seleccionar os valores que deban integrar o fondo, de acordo coa política de investimento prevista no folleto, e trasladar ao depositario as instrucións relativas á liquidación das operacións.

i) En canto á obrigación establecida no artigo 46.1.d) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, a SXIIC estará obrigada a exercer, con especial atención ao dereito de asistencia e voto nas xuntas xerais, todos os dereitos políticos inherentes aos valores integrados nos fondos e sociedades que aquela xestione, salvo que nos contratos de xestión no caso das sociedades, estas reserven para si o exercicio dos dereitos de voto. A obrigación anterior será de aplicación sempre que o emisor sexa unha sociedade española e que a participación conxunta dos fondos ou sociedades xestionados pola SXIIC na sociedade tivese unha antigüidade superior a doce meses e sempre que esa participación represente, ao menos, o 1 por cento do capital da sociedade participada. O anterior aplicarase salvo que existan motivos que xustifiquen o non exercicio de tales dereitos e se informe diso no correspondente informe anual.

As sociedades xestoras e as sociedades de investimento cuxa xestión non estea encomendada a unha sociedade xestora disporán dunha política en relación co exercicio dos dereitos de voto, que deberá incorporar estratexias idóneas e efectivas para determinar en beneficio exclusivo das IIC o momento e a forma en que se deban exercer os dereitos de voto adscritos aos instrumentos incluídos nas carteiras xestionadas.

Estas estratexias establecerán as medidas e procedementos necesarios para:

- 1.º Efectuar o seguimento dos feitos empresariais que sexan pertinentes.
- 2.º Garantir que o exercicio dos dereitos de voto se adecue aos obxectivos e á política de investimento das IIC consideradas.
- 3.º Previr e, de ser o caso, xestionar calquera conflito de interese derivado do exercicio dos dereitos de voto.

As sociedades xestoras e, de ser o caso, as sociedades de investimento deberán deixar constancia no correspondente informe anual dun resumo da súa política en relación co exercicio dos dereitos políticos inherentes a todos os valores integrados no conxunto de IIC que aquelas xestionen. Así mesmo, informarán do sentido favorable ou non do exercicio dos dereitos de voto ou ben do non exercicio destes.

j) A SXIIC deberá remitir ao depositario toda aquela información que este precise para o exercicio das súas funcións. A CNMV poderá establecer aquela información que se deberá remitir en todo caso ao depositario con carácter obrigatorio, así como a forma, o contido e os prazos para a remisión.

k) A SXIIC deberá remitir á CNMV o informe de auditoría de contas nos catro meses seguintes á finalización do período de referencia.

l) A SXIIC deberá comunicar á CNMV toda transmisión de accións que formen parte do seu capital no prazo de sete días a partir daquel en que teña coñecemento da transmisión. Anualmente, deberá remitir á CNMV, de acordo co modelo que esta estableza, a relación de todos os accionistas e as súas participacións. A relación de accionistas con participación significativa e daqueles que, sen teren a dita participación significativa, teñan a consideración de entidade financeira, será pública.

m) A SXIIC deberá conservar durante un prazo de ao menos cinco anos os rexistros das operacións e os rexistros de ordes de subscricións e reembolsos.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, as SXIIC deberán cumprir as obrigacións a que estean suxeitas, de ser o caso, no desenvolvemento da actividade de xestión discrecional e individualizada de carteiras ou de xestión de activos de entidades distintas ás IIC, de acordo co disposto no artigo 43.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

En particular, esas obrigacións cumpriranse tendo en conta que as SXIIC non poderán manter contas de valores nin contas transitorias de efectivo ligadas á actividade de xestión de carteiras, sen prexuízo do disposto no artigo 40.2.b) da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

3. En canto á información sobre a política remunerativa que se debe incluír no informe anual de conformidade co artigo 46 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberá cumprir coas recomendacións e criterios contidos no Regulamento delegado n.º 231/2013, da Comisión, do 19 de decembro de 2012, e no resto da normativa europea que lle sexa aplicable, segundo corresponda.

No caso das SXIIC autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 11 de xullo de 2009, deberán terse en conta os seguintes requisitos:

a) A revisión da aplicación dos principios xerais da política remunerativa a que fai referencia o artigo 46 bis 2.c) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, será anual.

b) O marco plurianual en que se leve a cabo a avaliación dos resultados a que se refire o artigo 46 bis 2.h) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberá

adecuarse ao período de tenza recomendado para os investidores da IIC xestionada pola SXIIC.

c) O período a que se refire o artigo 46 bis 2.n) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, será ao menos de tres anos.

d) O comité de remuneracións a que se refire o artigo 46.bis 4, ao preparar as súas decisións, terá en conta os xuros a longo prazo dos investidores e outras partes interesadas, así como o interese público.»

Corenta e un. Modifícase o artigo 117, que queda redactado como segue:

«Artigo 117. *Causas da revogación.*

A autorización concedida a unha SXIIC poderase revogar nos supostos previstos no artigo 49 da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

De acordo co establecido no punto 1.a) dese artigo, será causa de revogación da autorización dunha SXIIC o transcurso de doce meses desde a data de notificación da autorización sen que a SXIIC asumise a xestión de ningunha IIC, ben sexa a xestión integral ou por delegación.»

Corenta e dous. Engádesse un novo artigo 119 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 119 bis. *Información sobre as autorizacións á Autoridade Europea de Valores e Mercados.*

A CNMV informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados, con periodicidade trimestral, das autorizacións concedidas ou revogadas de SXIIC.»

Corenta e tres. Modifícase o artigo 122, que queda redactado como segue:

«Artigo 122. *Actuación das SXIIC autorizadas en España, en Estados non membros da Unión Europea.*

1. As SXIIC autorizadas en España, que pretendan abrir unha sucursal nun Estado non membro da Unión Europea deberán solicitalo previamente á CNMV e achegar, xunto coa información do Estado en cuxo territorio pretenden establecer a sucursal e o domicilio previsto para ela, a información prevista no artigo 54.2.b) e d) ou no artigo 54 bis.2.b) e 54 bis.3.a) e c) segundo corresponda, da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

2. A CNMV ditará unha resolución motivada e notificaráa no prazo máximo de tres meses a partir da recepción da solicitude ou, de ser o caso, do momento en que se complete a remisión da documentación correspondente. Cando a resolución non sexa notificada no prazo anteriormente previsto, poderá entenderse estimada, de acordo co artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A CNMV poderá denegar a autorización, ademais de polos motivos sinalados no artigo 54.3 ou 54 bis.4 segundo corresponda, da Lei 35/2003, do 4 de novembro, por considerar que a actividade da sucursal non vai quedar suxeita a un efectivo control por parte da autoridade supervisora do Estado de acollida, ou pola existencia de obstáculos legais ou doutro tipo que impidan ou dificulten o control e inspección da sucursal pola CNMV.

4. Toda modificación das informacións a que se refire o punto 1 deberá ser comunicada á CNMV pola SXIIC ao menos un mes antes de efectualas. Non se poderá levar a cabo unha modificación relevante no programa de actividades da sucursal se a CNMV, dentro do referido prazo dun mes, se opón a ela, mediante unha resolución motivada. Tal oposición deberá fundarse nas causas previstas neste artigo que resulten aplicables en cada caso.

5. As SXIIC españolas que pretendan por primeira vez realizar as súas actividades en réxime de libre prestación de servizos nun Estado non membro da

Unión Europea deberán solicitalo previamente á CNMV, indicando as actividades para as cales estea autorizada, de conformidade co artigo 40 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, que se propón levar a cabo. Será aplicable a este procedemento de autorización o disposto nos puntos 2 e 3 deste artigo.»

Corenta e catro. Modifícase o punto 3 do artigo 124, que queda redactado como segue:

«3. Cando, de conformidade co establecido no artigo 55 e 55 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, unha SXIIC sometida á Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, ou á Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, pretenda realizar en España, a través dunha sucursal, a actividade de xestión discrecional de carteiras, poderá optar por adherirse ao fondo de garantía de investimentos nos termos previstos para as sucursais de empresas de servizos da Unión Europea no Real decreto 948/2001, do 3 de agosto, sobre sistemas de indemnización dos investidores.»

Corenta e cinco. Modifícase o artigo 125, que queda redactado como segue:

«Artigo 125. *Apertura de sucursais e prestación de servizos en España por sociedades xestoras non autorizadas na Unión Europea.*

1. A apertura en España de sucursais de sociedades xestoras de Estados non membros da Unión Europea requirirá a autorización da CNMV. Observaranse os requisitos establecidos no capítulo II do título IV da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste regulamento, no que lles sexa de aplicación, coas particularidades seguintes:

a) Por capital social mínimo entenderase a dotación mantida pola entidade en España de fondos de carácter permanente e duración indefinida, dispoñibles para a cobertura de perdas da sucursal.

b) Non será de aplicación o disposto no artigo 43.1.a), b), d) e f) da Lei 35/2003, do 4 de novembro. A mención ao proxecto de estatutos sociais do artigo 108 deste regulamento entenderase referida ao proxecto de escritura de constitución da sucursal e aos propios estatutos vixentes da entidade, e deberá informarse a CNMV dos cambios que posteriormente se produzan en ambos.

c) Deberán contar, ao menos, con dúas persoas que determinen de modo efectivo a orientación da sucursal e sexan responsables directas da xestión. Exixiráselles a ambas a honorabilidade, os coñecementos e a experiencia a que se refire o artigo 43.1.h) da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

d) O obxecto social da sucursal non poderá conter actividades non permitidas á entidade no seu país de orixe.

e) A documentación que se xunte á solicitude conterá a información necesaria para coñecer con exactitude as características xurídicas e de xestión da entidade estranxeira solicitante, así como a súa situación financeira. Tamén se incluírá unha descrición da estrutura organizativa da entidade e do grupo en que esta eventualmente se integre. Así mesmo, acreditarase que está en posesión das autorizacións do seu país de orixe para abrir a sucursal, cando este as exixa, ou a certificación negativa, de non seren precisas.

2. A autorización a que se refire o punto anterior poderá ser tamén denegada ou condicionada por motivos de prudencia, por non se dar un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe, ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina aplicables ás IIC españolas.

3. Cando unha SXIIC autorizada nun Estado non membro da Unión Europea pretenda prestar servizos sen sucursal en España, deberá solicitalo previamente á CNMV, indicando as actividades que van ser realizadas, e obter a correspondente

autorización. A CNMV poderá pedir unha ampliación da información subministrada, así como condicionar o exercicio de tales actividades ao cumprimento de certos requisitos como garantía do cumprimento das normas aplicables ás IIC ou as ditadas por razóns de interese xeral.

A autorización a que se refire este punto poderá denegarse ou condicionarse por motivos de prudencia, por non se dar un trato equivalente ás entidades españolas no país de orixe, ou por non quedar asegurado o cumprimento das regras de ordenación e disciplina aplicables ás IIC españolas.

Ademais, a SXIIC deberá designar un representante con residencia fiscal en España para que a represente para os efectos das obrigacións tributarias que deba cumprir polas actividades que realice en territorio español.»

Corenta e seis. Modifícase o título V sobre o depositario, que queda redactado como segue:

«TÍTULO V

Depositario

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 126. *Réxime xurídico.*

As funcións, obrigacións e responsabilidade do depositario das IIC rexeranse polo previsto neste título e no título V da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e cando corresponda, polo Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, e polo resto da normativa da Unión Europea que lle sexa aplicable.

Artigo 127. *Denominacións e requisitos.*

1. Poderán ser depositarios as entidades de crédito e as sociedades e axencias de valores, nos termos establecidos no título V da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste título. Estas entidades só poderán utilizar a denominación de depositario de IIC no marco do exercicio de tales funcións.

2. Quen exerza cargos de administración ou dirección nunha entidade depositaria deberá reunir os requisitos de idoneidade que estableza a súa lexislación específica. En particular, o director xeral ou asimilado de que dependa a área de depositario de IIC deberá contar con coñecementos e experiencia adecuados en materias relacionadas co mercado de valores.

3. O depositario contará cun manual de procedementos internos en que se detallará, entre outros o ámbito das revisións, os métodos utilizados e a periodicidade con que se levará a cabo a función de control e vixilancia dos coeficientes, límites, políticas de investimento e criterios para o cálculo do valor liquidativo. Detallaranse tamén os métodos utilizados no exercicio do resto das funcións que lle encomende a normativa que lle sexa aplicable. O manual de procedementos internos deberá ser aprobado polo órgano de administración do depositario e estar sempre convenientemente actualizado.

CAPÍTULO II

Funcións e obrigacións do depositario

Artigo 128. *Función de depósito e administración de activos.*

1. De conformidade co previsto no artigo 60.g) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, corresponde aos depositarios exercer as funcións de depósito e administración dos instrumentos financeiros e outros activos pertencentes ás IIC e responsabilizarse delas cando non as desenvolvan directamente nin se produciise unha transferencia expresa da responsabilidade.

Para iso, os depositarios e a sociedade xestora deberán establecer os mecanismos e os procedementos adecuados para garantir que, en ningún caso, a disposición dos activos da IIC se faga sen o seu consentimento e autorización.

2. Deberá existir unha separación entre a conta de valores propia do depositario e a de terceiros, e non se poderán rexistrar posicións do depositario e dos seus clientes na mesma conta. A denominación da conta de clientes reflectirá expresamente este carácter de conta de terceiros.

3. A función de depósito, que comprende a de custodia dos instrumentos financeiros custodiables e a de rexistro doutros activos, a que se refire o artigo 60.g) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, levaranse a cabo conforme os artigos seguintes.

Artigo 129. *Función de custodia de activos financeiros.*

1. Considéranse activos financeiros custodiables todos os instrumentos financeiros que se poidan consignar nunha conta de instrumentos financeiros, aberta nos libros do depositario, sempre e cando estes instrumentos sexan transferibles entre entidades e a súa titularidade e negociación non dependan dun único rexistro central fóra do depositario, así como todos os que se lle poidan entregar fisicamente.

Para tal fin, o depositario garantirá que todos os instrumentos financeiros que se poidan rexistrar nunha conta de instrumentos financeiros nos seus libros se rexistren en contas separadas e abertas a nome da IIC, de modo que se poidan identificar claramente como pertencentes á IIC, de conformidade cos principios establecidos no artigo 16 da Directiva 2006/73/CE da Comisión, do 10 de agosto de 2006, pola que se aplica a Directiva 2004/39/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo aos requisitos organizativos e ás condicións de funcionamento das empresas de investimento, e os termos definidos para efectos desa directiva.

2. No caso de que o obxecto do investimento sexan outras IIC, a custodia realizarase sobre aquelas participacións rexistradas a nome do depositario ou dun subcustodio expresamente designado por aquel.

3. Os instrumentos custodiables recibidos ou entregados pola IIC en garantía só serán obxecto de custodia mentres continúen cumprindo os requisitos para ser considerados como tales, e a IIC siga sendo propietaria deles.

Cando ao depositario lle fose outorgado pola IIC o dereito de reutilizar os instrumentos custodiables, estes seguirán en custodia mentres ese dereito non se exerza efectivamente.

Respecto aos activos que non sexan susceptibles de ser considerados en custodia, serán de aplicación as regras sobre rexistro de activos previstas no artigo 131.

Artigo 130. *Reutilización de activos custodiados.*

1. Para o caso das IIC autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, os activos que o depositario teña en custodia non poderán ser utilizados por conta propia polo depositario nin por ningún terceiro no cal se

delegase a función de custodia. A reutilización inclúe toda operación con activos en custodia, incluídas a transferencia, o peñoramento, a venda ou o préstamo, sen excluír outros tipos de transacción.

Unicamente se permitirá a reutilización dos activos que o depositario teña en custodia cando:

- a) A reutilización dos activos se execute por conta da IIC.
- b) O depositario execute as instrucións da sociedade de xestión por conta da IIC.
- c) A reutilización se faga en beneficio da IIC e en interese dos partícipes.
- d) A transacción estea cuberta por garantías de alta calidade e liquidez recibidas pola IIC en virtude dun acordo de transferencia con cambio de titularidade.

O valor de mercado da garantía debe ascender, en todo momento e como mínimo, ao valor de mercado dos activos reutilizados máis unha prima.

2. Para as IIC distintas ás autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, os activos que o depositario teña en custodia non poderán ser utilizados por conta propia polo depositario nin por ningún terceiro no cal se delegase a función de custodia, sen o consentimento previo da IIC ou da sociedade xestora cando actúe por conta da IIC.

Artigo 131. *Función de rexistro doutros activos non custodiables.*

1. O depositario dunha IIC será responsable do rexistro de todos os instrumentos financeiros e demais activos propiedade da IIC distintos aos definidos no artigo 129.

2. Para estes activos non custodiables, o depositario comprobará a propiedade dos activos por parte da IIC e manterá un rexistro actualizado dos activos propiedade da IIC.

A estimación para determinar se a IIC posúe a propiedade dos activos estará baseada na información ou nos documentos proporcionados pola IIC e, de ser o caso, en elementos externos de proba.

Así mesmo, o depositario deberá asegurarse de que os terceiros lle proporcionan certificados ou outras probas documentais cada vez que se leve a cabo unha compra ou venda de valores ou exista un evento corporativo e como mínimo, unha vez ao ano.

Artigo 132. *Función de control de efectivo.*

1. O depositario garantirá que os fluxos de tesouraría da IIC estean debidamente controlados e, en particular, asegurará que todos os pagamentos efectuados polos investidores ou en nome deles, no momento da subscrición de participacións nunha IIC, se recibise e que todo o efectivo da IIC se depositase en contas de tesouraría que:

- a) Estean abertas a nome da IIC, ou do depositario que actúe por conta da IIC.
- b) Estean abertas nunha entidade de crédito.
- c) Se manteñan consonte os principios establecidos no artigo 16 da Directiva 2006/73/CE, do 10 de agosto de 2006.

En caso de que as contas de tesouraría se abran a nome do depositario que actúe por conta da IIC, non se consignará nesas contas o efectivo da entidade a que se refire a letra b) deste punto, nin o efectivo do propio depositario.

2. En ningún caso poderá a sociedade xestora ou, de ser o caso, os administradores da sociedade de investimento, abrir contas ou dispoñer directamente dos saldos de contas pertencentes á IIC. A sociedade xestora ou, de

ser o caso, os administradores da sociedade de investimento, non poderá estender cheques nin ningún outro instrumento de pagamento contra as contas da institución de investimento colectivo no depositario ou en terceiras entidades. O depositario é o único autorizado para iso, seguindo as instrucións da sociedade xestora ou, de ser o caso, dos administradores da sociedade de investimento.

3. Corresponderá aos depositarios recibir e custodiar os activos líquidos das IIC.

4. Os depositarios poderán manter saldos transitorios asociados á liquidación de compravendas de valores, noutros intermediarios financeiros que legalmente estean habilitados para o mantemento deses saldos.

5. Cando a institución de investimento colectivo dispoña de contas de efectivo en entidades de depósito diferentes ao depositario, cando este non sexa entidade de crédito, unicamente o depositario poderá realizar ou autorizar movementos sobre estas contas. O anterior aplicárase tamén respecto dos saldos transitorios asociados á operativa con valores, operacións bilaterais e investimentos noutras IIC.

Artigo 133. *Liquidación da subscrición e reembolso de participacións.*

1. O depositario deberase asegurar de que todos os ingresos ou pagamentos derivados das subscricións ou reembolsos se realizan efectivamente, e se aboan ou cargan nas contas de efectivo da institución abertas no depositario.

Para estes efectos, a xestora deberá garantir que o depositario recibe información sobre as subscricións ou reembolsos, antes da fin do peche dos mercados de cada día en que se percibe ou paga o efectivo ou se reciben as correspondentes ordes dos investidores, pola xestora ou unha entidade delegada.

Ademais a xestora informará o depositario de que o efectivo derivado das subscricións e reembolsos se aboa ou carga efectivamente nas contas abertas a nome da IIC.

2. Ademais, o depositario deberá asegurarse que as subscricións e reembolsos se realizan conforme os procedementos de pagamento previstos neste artigo e na forma especificada nos folletos.

A subscrición das participacións de fondos de investimento deberá efectuarse mediante cheque nominativo librado a favor do fondo, transferencia a unha conta a favor deste ou entrega de efectivo directamente ao depositario. Nos casos en que a subscrición se realice mediante cheque nominativo ou transferencia bancaria a favor do fondo, non se considerará feito o ingreso na conta do fondo até a data do aboamento da transferencia ou cheque que sustente a subscrición. Nos casos en que a subscrición se realice mediante efectivo, non se considerará feito o ingreso na conta do fondo até a data valor do aboamento correspondente.

3. O reembolso será efectuado polo depositario logo de orde remitida, expresamente, pola sociedade xestora. O reembolso poderá levarse a cabo mediante cheque nominativo librado a favor do partícipe, transferencia a unha conta do titular das participacións ou entrega de efectivo directamente ao partícipe. Para reembolsar a un terceiro distinto do titular das participacións, a sociedade xestora deberá contar cos documentos que acrediten suficientemente que o partícipe faculta o terceiro para actuar no seu nome e recibir o reembolso correspondente.

Cando no rexistro da sociedade xestora do fondo figuren rexistradas participacións a nome dun comercializador por conta de terceiros, a responsabilidade do depositario en relación cos reembolsos limitarase á transferencia que deba realizar á conta que designe o comercializador a través da cal se efectuaron as subscricións.

4. O disposto neste artigo será tamén de aplicación no caso de adquisición e venda de accións de sociedades de investimento de capital variable conforme o disposto no artigo 83.

Artigo 134. *Función de vixilancia e supervisión.*

1. De acordo co artigo 60 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, a función de vixilancia dos depositarios comprenderá os seguintes aspectos:

- a) As subscricións e reembolsos de conformidade co artigo 133.
- b) Supervisar os criterios, fórmulas e procedementos utilizados pola xestora para o cálculo do valor liquidativo.
- c) Comprobar o cumprimento de coeficientes, criterios e límites que establezan a normativa e o folleto da IIC.
- d) Asegurarse de que a liquidación das operacións se realiza de maneira puntual, no prazo que determinen as regras de liquidación que rexan nos correspondentes mercados ou os termos de liquidación aplicables, así como formalizar as operacións de compra e venda de valores, e cobrar os xuros e dividendos devindicados por eles.
- e) Velar polos pagamentos dos dividendos das accións e os beneficios das participacións en circulación, así como cumprir as ordes de reinvestimento recibidas.
- f) Comprobar que as operacións realizadas sobre bens, dereitos, valores ou instrumentos, pola sociedade xestora ou polos administradores das sociedades de investimento, por conta das institucións de investimento colectivo, o foron en condicións de mercado.
- g) Levar a cabo as comprobacións oportunas para contrastar a exactitude, calidade e suficiencia da información e documentación que a SXIIC ou, de ser o caso, os administradores da SICAV deban remitir á CNMV, de conformidade coa normativa vixente.
- h) No caso de institucións de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre, o depositario establecerá un sistema de control para que os procedementos de selección dos investimentos que siga a xestora ou, de ser o caso, os administradores da sociedade de investimento, cumpran os criterios exixidos pola normativa que lles sexa de aplicación.

2. O depositario deberá dotarse de procedementos adecuados para vixiar a actividade das sociedades xestoras e, de ser o caso, das sociedades de investimento colectivo.

3. Os depositarios deberán solicitar da sociedade xestora ou dos administradores da sociedade de investimento a información suficiente que lles permita desempeñar correctamente as súas funcións de supervisión e vixilancia. A sociedade xestora debe proporcionar toda a información que o depositario necesite para cumprir tales funcións.

4. Ao cumprir coas obrigacións de vixilancia, o depositario realizará controis *ex post* e verificacións dos procesos e procedementos dos cales é responsable a sociedade xestora, a IIC ou un terceiro designado. O depositario velará en calquera circunstancia por que exista un procedemento adecuado de verificación e conciliación, que se aplique e se someta con frecuencia a revisión. A sociedade xestora velará por que se transmitan ao depositario todas as instrucións relativas aos activos e ás operacións da IIC, de modo que o depositario poida efectuar o seu propio procedemento de verificación ou conciliación.

5. Nos contratos que se celebren entre o depositario e a sociedade xestora ou sociedade de investimento, regulados no artigo 58.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, así como no manual de procedementos regulado no artigo 127.3, especificarase a forma en que o depositario lles debe comunicar os incumprimentos detectados e procurar a súa emenda. Deberase prever expresamente a posible denuncia directa ao consello de administración da sociedade xestora ou institución afectada, ou da súa sociedade dominante, así como a resolución das operacións xa realizadas cando proceda.

6. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, os depositarios deberán remitir á CNMV un informe semestral sobre o cumprimento da función de vixilancia e supervisión, en que porán de manifesto a exactitude, calidade e suficiencia da información que lles remita a SXIIC ou, de ser o caso, os administradores da sociedades de investimento autoxestionadas, para poder cumprir a súa función de supervisión e vixilancia, así como da restante información, documentación e publicidade a que se refire o punto anterior. O informe deberá incluír todos os incumprimentos normativos ou anomalías detectados polo depositario na xestión ou administración das IIC, xunto coas observacións que a SXIIC ou, de ser o caso, os administradores da sociedades de investimento puidesen ter realizado. Para iso, o depositario, con carácter previo á remisión do informe, deberá ter dado traslado da anomalía á SXIIC ou, de ser o caso, aos administradores das sociedades de investimento.

A CNMV poderá determinar o contido e o modelo a que se deberá axustar este informe, así como o prazo e a forma para a súa remisión.

7. Entenderase que unha anomalía é de especial relevancia, entre outros casos, cando poida ter un impacto apreciable sobre o valor liquidativo das participacións dos fondos de investimento e das accións das sociedades de investimento, así como cando se trate de actos ou omisións cualificados como infraccións graves ou moi graves no capítulo VI da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

8. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, o depositario deberá comunicar á sociedade xestora e informar sen tardanza por escrito a CNMV de calquera anomalía que detecte na xestión ou administración das IIC e que revista unha especial relevancia.

CAPÍTULO III

Delegación

Artigo 135. *Delegación da función de depósito.*

1. O depositario de IIC poderá delegar en terceiros, e estes pola súa vez subdelegar, a función de depósito, que comprende a custodia e o rexistro dos instrumentos financeiros e outros activos da IIC, sempre e cando o terceiro cumpra cos requisitos exixibles ao depositario establecidos na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e nesta normativa.

2. As condicións para que o depositario poida delegar en terceiros as funcións a que se refire o punto anterior son as seguintes:

a) Non se delegarán funcións co fin de eludir o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

b) O depositario demostrará que hai unha razón obxectiva para a delegación.

c) O depositario actuará coa dilixencia debida na selección e no nomeamento dun terceiro en que queira delegar parte das súas funcións, e na revisión periódica e na supervisión permanente del.

d) O depositario garantirá que o terceiro cumpre en todo momento as seguintes condicións:

1.º O terceiro contará con estruturas e coñecementos prácticos adecuados e proporcionados á natureza e complexidade dos activos da IIC que se lle confíansen.

2.º Para as funcións de custodia a que se refire o artigo 129, o terceiro estará suxeito a unha regulación e supervisión prudenciais efectivas, incluído un capital mínimo obrigatorio, e estará suxeito a auditorías externas periódicas que permitan comprobar que os instrumentos financeiros e demais valores están na súa posesión.

3.º Deberá existir unha separación absoluta entre a conta propia da entidade en que se delega a custodia e a conta de terceiros. Non se poderán rexistrar posicións da entidade e dos seus clientes na mesma conta, e permitirase a identificación da conta propia do depositario. A denominación da conta de clientes reflectirá expresamente o carácter de conta de terceiros. O depositario establecerá un procedemento interno que permita individualizar contablemente a posición de cada cliente.

4.º A reutilización dos activos por parte do depositario ou dunha terceira entidade en que se delegase a función de custodia estará suxeita ás condicións previstas no artigo 130 sobre a reutilización dos activos custodiables.

5.º O terceiro respectará as obrigacións e prohibicións xerais recollidas na normativa.

3. Sen prexuízo do previsto no punto 2.d).2.º anterior, cando a lexislación dun terceiro país exixa que certos instrumentos financeiros sexan mantidos en custodia por unha entidade situada nese terceiro país e non haxa entidades deste tipo que satisfagan os requisitos de delegación previstos na dita letra d), o depositario poderá delegar as súas funcións a esta entidade só na medida en que o exixa a lei do terceiro país e unicamente mentres non existan entidades situadas no dito país que satisfagan os requisitos de delegación. En todo caso, deberanse cumprir as seguintes condicións:

a) Os investidores da IIC correspondente deben ser debidamente informados, antes do seu investimento, de que esa delegación se require debido ás obrigacións xurídicas impostas na lexislación do terceiro país e das circunstancias que a xustifican.

b) A sociedade xestora debe encargarse ao depositario que delegue a custodia dos ditos instrumentos financeiros nese tipo de entidade.

4. O terceiro poderá, pola súa vez, subdelegar as funcións previstas neste punto, sempre que se cumpran idénticas condicións.

5. Para efectos do presente artigo, a prestación de servizos tales como a execución e, de ser o caso, a compensación de ordes de transferencia de fondos ou de valores de acordo co disposto na Directiva 98/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio de 1998, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, que se incorpora ao noso ordenamento a través da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, realizados polos sistemas de liquidación de valores designados para os efectos da mencionada normativa ou a prestación de servizos similares por parte de sistemas non europeos de liquidación de valores, non se considerarán delegación das súas funcións de custodia.

CAPÍTULO IV

Outras disposicións

Artigo 136. *Acción de responsabilidade.*

1. A responsabilidade do depositario poderá ser reclamada polos partícipes ben de forma directa, ben indirectamente a través da sociedade xestora. Non obstante, esta non estará obrigada a facer tal reclamación senón cando o soliciten os partícipes que representen, ao menos, o 10 por cento do patrimonio.

2. De acordo co artigo 62.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, o depositario responderá da perda dos instrumentos custodiados salvo que poida probar que esta se produciu como consecuencia dun acontecemento externo que escape ao control razoable, cuxas consecuencias fosen inevitables a pesar de todos os esforzos realizados por parte do depositario por evitalas.

3. En particular, e para que se poida admitir a causa de exoneración prevista no parágrafo anterior, entre os esforzos que debe facer para evitar as consecuencias de tal acontecemento externo, o depositario deberá informar a xestora dos riscos significativos detectados e tomar, de ser o caso, as medidas oportunas para previr ou mitigar a perda de instrumentos financeiros en custodia, cando se identificasen acontecementos reais ou potenciais, que presumiblemente comportan un risco significativo de perda dun instrumento financeiro en custodia. Así mesmo, se o depositario aínda considera que o nivel de protección do instrumento financeiro non é suficiente malia reiterados avisos, o depositario poderá tomar medidas adicionais como rescindir o contrato e solicitar a súa substitución de acordo co disposto no artigo 61 da Lei 35/2003, do 4 de novembro. En concreto, o depositario quedará exento de responsabilidade se pode probar que se cumpren as seguintes condicións:

- a) que o evento que dese lugar á perda non sexa consecuencia de ningún acto ou omisión do depositario ou dun terceiro no cal se delegase a custodia,
- b) que o depositario non puidese razoablemente ter impedido que se producise o evento que deu lugar á perda, malia a adopción de cantas precaucións caiba esperar dun depositario dilixente
- c) que, malia un proceso rigoroso e completo de dilixencia debida, o depositario non puidese ter impedido a perda.

Esta condición poderá considerarse satisfeita cando o depositario velase por que el mesmo e o terceiro en que se delegase a custodia dos instrumentos financeiros tomen todas as medidas seguintes:

- i) establecer, aplicar e manter estruturas e procedementos, e dispoñer dos coñecementos técnicos, que sexan adecuados e proporcionados á natureza e complexidade dos activos da IIC, co fin de detectar a tempo e vixiar de forma permanente os eventos externos que poidan dar lugar á perda dun instrumento financeiro en custodia,
- ii) avaliar de maneira permanente se os eventos que se detecten consonte o inciso i) entrañan un risco significativo de perda dun instrumento financeiro en custodia,
- iii) informar a xestora dos riscos significativos detectados e tomar, de ser o caso, as medidas oportunas para previr ou mitigar a perda de instrumentos financeiros en custodia, cando se identificasen acontecementos externos, reais ou potenciais, que presumiblemente comportan un risco significativo de perda dun instrumento financeiro en custodia.

4. Os requisitos a que se refire o punto 3, letras a) e b), poderán considerarse cumpridos nas seguintes circunstancias:

- a) Cando se produzan acontecementos naturais que escapen á influencia ou ao control humanos.
- b) Cando un goberno ou órgano estatal, incluídos os órganos xurisdicionais, adopte algunha lei, decreto, regulamento, resolución ou orde que incida nos instrumentos financeiros en custodia.
- c) En caso de guerra, disturbios ou outras turbulencias de importancia.

Os requisitos a que se refire o punto 3, letras a) e b) non se considerarán cumpridos en caso de erro contable, fallo operativo, fraude ou inobservancia das obrigacións de segregación polo depositario ou un terceiro en que se delegase a custodia dos instrumentos financeiros.

O presente artigo aplicarase *mutatis mutandis* ao delegado cando o depositario transferise por contrato a súa responsabilidade de conformidade co previsto no artigo 62 bis da Lei 35/2003.

Artigo 137. *Cesamento do depositario e publicidade da substitución.*

1. Se o depositario cesa nas súas funcións, a CNMV disporá a súa substitución por outra entidade habilitada para o exercicio desa función. Se isto non for posible, a IIC quedará disolta e abrirase o período de liquidación. A liquidación será realizada pola sociedade xestora, na forma prevista no artigo 35. Á substitución do depositario, así como aos cambios que se produzan no seu control, seralles de aplicación o disposto no artigo 12.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e no artigo 14 deste regulamento.

Artigo 138. *Contido do acordo escrito do depositario coa SXIIC por cada IIC que xestione ou coa sociedade de investimento.*

1. O acordo escrito a que se refire o artigo 58.3 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, conterá ao menos os seguintes elementos:

a) Unha descrición dos procedementos que se deban adoptar para cada tipo de activo en que poida investir a IIC confiado ao depositario, incluído o procedemento aplicable á custodia.

b) Unha descrición dos procedementos que se deban seguir cando a sociedade de xestión pretenda modificar o regulamento do fondo ou o folleto da IIC. Estes procedementos deberán precisar o momento en que se deba informar o depositario e os casos en que o acordo previo deste sexa necesario para proceder a esa modificación.

c) Unha descrición dos medios e procedementos que deba empregar o depositario co fin de transmitir á sociedade xestora toda a información que esta precise para o cumprimento dos seus deberes. Tal descrición incluírá referencias ao exercicio de dereitos vinculados a instrumentos financeiros e ao acceso puntual e fiable por parte da sociedade de xestión e da IIC da información referente ás contas desa IIC.

d) Unha descrición dos medios e procedementos a través dos cales o depositario poderá ter acceso á información que precise para o cumprimento dos seus deberes.

e) Unha descrición dos procedementos a través dos cales o depositario poderá investigar a conduta da sociedade de xestión e avaliar a calidade da información por ela transmitida. Tal descrición incluírá referencias ás visitas *in situ*.

f) Unha descrición dos procedementos a través dos cales a sociedade de xestión poderá verificar se o depositario cumpre as súas obrigacións contractuais.

g) Unha descrición da forma en que se desempeñará a función de custodia e vixilancia, dependendo dos tipos de activos e das rexións xeográficas en que a IIC teña previsto investir. No que respecta aos deberes de custodia, a descrición comprenderá a lista de países e os procedementos para engadir países a esa lista e/ou suprimilos. Esta información deberá ser coherente coa que figure nos documentos constitutivos da IIC acerca dos activos en que este poida investir.

h) Información sobre a posibilidade ou non de que o depositario, ou un terceiro en que se deleguen funcións de custodia reutilice os activos que lle fosen confiados e, de ser o caso, as condicións a que se supedite tal reutilización.

i) Toda a información que deberán intercambiar a IIC, a xestora e os terceiros que actúen por conta da IIC ou da xestora, por unha parte, e o depositario, por outra, en relación co desempeño da función de vixilancia e control do depositario.

j) Os pormenores dos procedementos de comunicación de incidencias, incluída a identidade das persoas con que este deberá contactar na IIC ou na xestora para poñer en marcha un procedemento dese tipo.

k) O compromiso do depositario de informar a xestora cando teña coñecemento de que a segregación dos activos non é, ou deixou de ser, suficiente para garantir unha protección fronte á insolvencia dun terceiro, en que se delegasen funcións.

2. En relación co intercambio de información e coas obrigacións en materia de confidencialidade e branqueo de capitais, o acordo a que se refire este artigo incluírá ao menos os seguintes elementos:

a) Unha lista de toda a información que deba intercambiarse entre a IIC, a súa sociedade de xestión e o depositario a propósito da subscripción, reembolso, emisión, cancelación e recompra das participacións e accións da IIC.

b) Unha descrición das obrigacións de confidencialidade que deban respectar as partes do acordo. Estas obrigacións en ningún caso impedirán que a CNMV e a autoridade competente do Estado membro de orixe da sociedade xestora teñan acceso á documentación e información que sexa pertinente.

c) Información sobre as tarefas e responsabilidades que deban asumir as partes do acordo no referente, cando proceda, ás obrigacións en materia de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo.

3. En relación coa designación de terceiros, o acordo a que se refire este artigo incluírá ao menos os seguintes elementos:

a) O compromiso de ambas as partes de se facilitaren información puntual sobre calquera terceiro que sexa designado por unha delas para o desempeño das súas funcións.

b) O compromiso de ambas as partes de que, por solicitude dunha delas, a outra a informe dos criterios aplicados para seleccionar o terceiro e das medidas tomadas para o seguimento das actividades desempeñadas por el.

c) Unha declaración que sinala que o depositario será responsable da custodia dos activos das institucións, mesmo no suposto de que lle confíansen a un terceiro a custodia de parte ou da totalidade dos activos, tal e como sinala o artigo 62.2 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, salvo naqueles casos en que estando permitida, de conformidade co artigo 62 bis da dita lei, se produza unha transferencia da responsabilidade por parte do depositario.

4. En relación coa modificación e terminación do acordo a que se refire este artigo, este incluírá ao menos os seguintes elementos:

a) O período de vixencia do acordo.

b) As condicións en que este se pode modificar ou terminar.

c) As condicións que sexan necesarias para facilitar o paso dun depositario a outro e o procedemento que deba seguir o primeiro para enviar toda a información pertinente ao segundo.

5. O acordo especificará que a normativa aplicable será a establecida na Lei 35/2003, do 4 de novembro, neste regulamento e nas demais disposicións aplicables no noso ordenamento.

6. Nos casos en que as partes do acordo previsto neste artigo acorden utilizar medios electrónicos para transmitirse a totalidade ou unha parte da información que se deban intercambiar, o acordo disporá a necesidade de levar un rexistro desa información.

7. Información acerca de se o depositario pode reutilizar os activos da IIC, así como as condicións que afectarían a reutilización deses activos.

Artigo 139. *Contrato marco entre depositario e SXIIC que xestione máis dunha IIC.*

No caso de que a sociedade de xestión xestione máis dunha IIC, o acordo previsto no artigo anterior poderá cubrir máis dunha destas IIC. Neste caso, o acordo conterá a lista das IIC que queden cubertas.

O depositario e a SXIC ou IIC poderán optar por incluír os detalles dos medios e procedementos que recolle o artigo 138.1.c) e d) no contrato a que se refire o dito punto ou nun contrato escrito separado.»

Corenta e sete. Modifícase a numeración dos artigos 134 a 137 e a súa numeración pasa a ser 140 a 143.

Corenta e oito. Modifícase o artigo 138, que pasa a ser o 144, coa seguinte redacción:

«Artigo 144. *Conflictos de interese.*

1. As sociedades xestoras deberán estar organizadas e estruturadas de modo que poidan detectar e evitar o risco de que os intereses das IIC ou dos clientes se vexan prexudicados por conflitos de interese:

- a) Entre a sociedade e as IIC que xestione ou os investidores das ditas IIC.
- b) Entre os directivos, empregados ou unha persoa competente da sociedade xestora ou que teña, directa ou indirectamente, un vínculo de control coa sociedade xestora e esta, as IIC que xestione ou os investidores das ditas IIC.
- c) Entre clientes.
- d) Entre as IIC que xestione ou os investidores das ditas IIC e outros clientes da sociedade xestora.
- e) Entre as IIC que xestione ou os investidores da dita IIC e outra IIC xestionada pola mesma sociedade xestora ou os seus investidores.

2. En concreto, deberán dispoñer dunha política por escrito en materia de conflitos de intereses que se axustará ao tamaño da organización, así como á natureza, escala e complexidade das súas actividades.

Consonte a dita política, as sociedades xestoras manterán procedementos administrativos e de organización eficaces dirixidos a adoptar todas as medidas razoables destinadas a detectar, evitar, xestionar e controlar os conflitos de intereses para evitar que prexudiquen os intereses das IIC e dos seus investidores.

3. As sociedades xestoras garantirán a independencia e separarán, no seu propio ámbito operativo, as tarefas e responsabilidades que poidan considerarse incompatibles entre si ou que sexan susceptibles de xerar conflitos de intereses sistemáticos, e avaliarán se as condicións en que exerce a súa actividade poden supor calquera outro conflito significativo de intereses.

En todo caso, as políticas e procedementos relativos aos conflitos de intereses deberán garantir a existencia dun rexistro regularmente actualizado daquelas operacións e actividades desempeñadas polas sociedades xestoras ou no seu nome nas cales xurdise ou poida xurdir un conflito de intereses.

4. A sociedade xestora e o depositario, no exercicio das súas funcións respectivas, actuarán honesta, equitativa e profesionalmente, con independencia, e unicamente no interese da IIC e dos investidores da IIC.

O depositario non realizará actividades respecto á IIC ou, de ser o caso, da sociedade xestora que actúe por conta da IIC, que poidan xerar conflitos de interese entre a IIC, os seus investidores, a IIC e el mesmo, salvo que o depositario separese funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións como depositario das súas outras funcións potencialmente conflictivas, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados, mitigados e comunicados aos investidores da IIC.

5. Para os efectos do disposto neste artigo, as sociedades xestoras que xestionen IIC distintas ás reguladas pola Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, axustaranse ao establecido no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012. Respecto ás demais sociedades xestoras, a CNMV poderá establecer as medidas específicas que deben adoptar para cumprir con este precepto.»

Corenta e nove. Modifícase a numeración dos artigos 139 a 142 e a súa numeración pasa a ser do 145 a 148.

Cincuenta. Introdúcese un artigo 149 novo coa seguinte redacción:

«Artigo 149. *Requisitos para que unha sociedade xestora poida recorrer a un intermediario principal.*

1. Cando as sociedades xestoras recorran aos servizos dun intermediario principal, fixaranse os termos de tal prestación de servizos nun contrato escrito que deberá cumprir co disposto no regulamento do fondo ou nos estatutos da sociedade de investimento. En particular, considerarase con claridade a posibilidade de transferencia e reutilización de activos das IIC, e a obrigaición de informar o depositario da existencia e contido do mencionado contrato, de maneira que os depositarios se poidan asegurar de que o contido deses contratos lles permiten levar a cabo as súas funcións adecuadamente.

Estas sociedades xestoras actuarán coa debida competencia e dilixencia na selección e designación dos intermediarios principais. En concreto, os intermediarios principais deberán presentar unha solvencia suficiente a xuízo da xestora para atender o cumprimento das súas obrigações. Para estes efectos, a xestora deberá realizar unha análise do risco de crédito da contraparte, utilizando metodoloxías apropiadas e considerando diferentes indicadores ou parámetros de uso habitual no mercado.

2. O depositario poderá actuar tamén como intermediario principal dunha IIC que non cumpra coa Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, sempre que separase funcional e xerarquicamente o desempeño das súas funcións como depositario das súas funcións como intermediario principal, e que os posibles conflitos de interese estean debidamente identificados, xestionados, controlados, mitigados e comunicados aos investidores da IIC.»

Cincuenta e un. Modifícase a numeración do artigo 143, que pasa a ser o 150.

Cincuenta e dous. Modifícase o título da disposición adicional única, que pasa a ser a disposición adicional primeira.

«Disposición adicional primeira. *Réxime de comisións dos fondos de investimento de carácter financeiro, constituídos como fondos de investimento en activos do mercado monetario ao abeiro da Lei 46/1984, do 26 de decembro, reguladora das institucións de investimento colectivo.*»

Cincuenta e tres. Engádese unha disposición adicional segunda co seguinte teor literal:

«Disposición adicional segunda. *Comercialización con pasaporte a investidores profesionais das accións e participacións de IIC de fóra da Unión Europea xestionadas por xestoras autorizadas nun Estado membro de acordo coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.*

1. A comercialización en España das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.d) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, que se dirixa a investidores profesionais, estará suxeita ao previsto no artigo 15 ter e no punto 7 da disposición adicional sexta da Lei 35/2003, do 4 de novembro, até a adopción do acto delegado da Comisión Europea a que se refire a dita disposición adicional.

2. Unha vez adoptado o acto delegado da Comisión Europea a que se refire o punto anterior e nos termos que este estableza, as xestoras autorizadas nun Estado membro da Unión Europea poderán comercializar libremente as accións e participacións das IIC que xestionen referidas no punto anterior, de conformidade cos seguintes puntos e sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:

a) Deberán existir acordos de cooperación entre a CNMV ou as autoridades nacionais competentes do Estado membro en que estea autorizada a xestora e as autoridades de supervisión do terceiro Estado en que estea establecida a IIC, co fin de garantir como mínimo un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de supervisión de acordo coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.

b) O terceiro Estado en que estea establecida a IIC non poderá figurar na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

c) O terceiro Estado deberá ter subscrito un acordo con España ou co Estado membro en que estea autorizada a xestora que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o patrimonio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos e garanta un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

No suposto de que a CNMV discrepe da avaliación da aplicación das letras a) e b) anteriores realizada polas autoridades competentes do Estado membro en que fose autorizada a xestora, poderá someter o asunto á Autoridade Europea de Valores e Mercados, que poderá actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento 1095/2010/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010.

3. No suposto de que unha xestora autorizada pola CNMV teña a intención de comercializar en España participacións dunha IIC que ela xestione e que sexa dun terceiro Estado ou dunha IIC subordinada cuxa IIC principal non sexa unha IIC da Unión Europea, será de aplicación o seguinte:

a) A xestora deberá presentar á CNMV unha notificación relativa a cada IIC que se propoña comercializar que incluíra a documentación e a información que se establece a continuación:

1.º Un escrito de solicitude, que comprenderá un programa de actividade en que se identifique a IIC que se propoña comercializar a xestora e información sobre o lugar en que se encontra establecida.

2.º O regulamento da IIC ou os seus documentos constitutivos.

3.º A identificación do depositario.

4.º Unha descrición da IIC ou calquera información sobre esta á disposición dos investidores.

5.º Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC é unha IIC subordinada.

6.º Calquera información adicional mencionada no folleto para cada IIC que a xestora teña intención de comercializar.

7.º Información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización de participacións da IIC entre investidores particulares, incluso no caso de que a xestora recorra á actuación de entidades independentes para prestar servizos de investimento relativos á IIC.

b) No prazo máximo de 20 días hábiles desde a recepción da documentación completa que xunta ao escrito de notificación de acordo co previsto no parágrafo anterior, a CNMV notificará á xestora a resolución sobre a solicitude de comercialización das IIC identificadas no escrito de solicitude.

c) A xestora poderá iniciar a comercialización da IIC a partir da notificación da resolución favorable.

d) A solicitude de comercialización só poderá ser denegada se a administración da IIC por parte da xestora non se realiza, ou non se vai realizar consonte a Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño, ou se a xestora non cumpre ou non vai cumprir algunha das disposicións da dita directiva.

e) A CNMV deberá informar a Autoridade Europea de Valores e Mercados de que a xestora foi autorizada a comercializar a IIC en cuestión en España.

4. No suposto de que unha xestora da Unión Europea autorizada por unha autoridade nacional competente doutro Estado membro da Unión Europea teña a intención de comercializar participacions de IIC que ela xestione e sexan dun terceiro Estado en España, entre investidores profesionais, será de aplicación o seguinte:

a) A comercialización en España será libre desde que a autoridade competente do Estado membro lle comunique á xestora que remitiu o expediente de documentación completo á CNMV coa información recollida no punto 3, información sobre as medidas adoptadas para a comercialización da IIC, a indicación dos Estados membros en que teña previsto comercializar as participacions da IIC entre investidores profesionais e unha declaración da autoridade competente do Estado membro que confirme que a xestora está autorizada a xestionar a IIC cunha estratexia de investimento concreta.

b) Serán válidos para os efectos previstos neste punto os escritos de notificación e expedientes que a CNMV reciba nunha lingua de uso habitual no ámbito financeiro internacional, así como os que reciba en formato electrónico.

5. No suposto de que unha xestora autorizada pola CNMV teña a intención de comercializar noutros Estados membros participacions de IIC que ela xestione e que sexan dun terceiro Estado, será de aplicación o seguinte:

a) A xestora deberá presentar á CNMV unha notificación relativa a cada IIC que se propoña comercializar, que incluíra a información a que se refire o punto 3.a) anterior, información sobre as medidas adoptadas para a comercialización da IIC e a indicación dos Estados membros en que teña previsto comercializar as participacions da IIC entre investidores profesionais.

b) No prazo máximo de 20 días hábiles desde a data da recepción do expediente completo da notificación, e sempre e cando a xestión da IIC por parte da xestora sexa e vaia ser conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, e a xestora cumpra as disposicións desa directiva, a CNMV remitirá o expediente ás autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que a xestora pretenda comercializar a IIC. O expediente irá acompañado dunha declaración da CNMV que confirme que a xestora está autorizada a xestionar a IIC cunha estratexia de investimento concreta.

c) Unha vez remitido o expediente de notificación, a CNMV notificará este feito de forma inmediata á xestora, que poderá iniciar a comercialización das IIC nos correspondentes Estados membros a partir da data da dita notificación.

d) A CNMV comunicará, así mesmo, á Autoridade Europea de Valores e Mercados que a xestora pode comezar a comercializar as participacions da IIC nos Estados membros en cuestión.

e) A CNMV poderá elaborar a declaración e remitir os escritos de notificación e expedientes previstos neste punto nunha lingua de uso habitual no ámbito financeiro internacional, así como en formato electrónico.

6. En caso de modificación substancial dalgún dos datos comunicados de conformidade cos puntos 3 ou 5, a xestora notificará a modificación prevista previamente cun prazo mínimo de antelación dun mes e por escrito á CNMV ou, no caso de que sexa unha modificación imprevista, inmediatamente despois de producirse. Unha vez comunicada a modificación a que se refire o punto anterior, aplicarase o disposto nos parágrafos seguintes:

a) No suposto de que, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da IIC por parte da xestora xa non fose conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8

de xuño de 2011, ou a xestora xa non cumprise esa directiva, a CNMV informaraa, inmediatamente, salvo causa xustificada, de que non pode aplicar tal modificación.

b) No suposto de que a modificación se aplique sen que a xestora realice a comunicación previa prevista nos parágrafos anteriores ou no suposto de que a xestión da IIC pola xestora xa non sexa conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou a xestora deixe de cumprir con esa directiva como consecuencia dunha modificación imprevista, a CNMV adoptará todas as medidas oportunas de conformidade co título VI da Lei 35/2003, do 4 de novembro, incluíndo, se for necesario, a prohibición expresa da comercialización da IIC.

c) No suposto de que as modificacións sexan aceptables porque non afectan a conformidade da xestión da IIC por parte da xestora coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, nin a conformidade con carácter xeral da xestora coa dita directiva, a CNMV informará inmediatamente desas modificacións a Autoridade Europea de Valores e Mercados na medida en que as modificacións afecten o cesamento da comercialización de determinadas IIC ou a comercialización de IIC adicionais e, de ser o caso, as autoridades competentes dos Estados membros en que a xestora comercialice a IIC.

7. De conformidade co disposto no artigo 41.4 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, esta disposición adicional será de aplicación ás entidades a que se refire o artigo 5.1.c) desa lei. Para estes efectos, as referencias ás IIC entenderanse realizadas ás ECR e ás EICC.»

Cincuenta e catro. Engádesse unha disposición adicional terceira co teor literal seguinte:

«Disposición adicional terceira. *Comercialización con pasaporte na Unión Europea a investidores profesionais das accións e participacións de IIC da Unión Europea xestionadas por xestoras non domiciliadas na Unión Europea de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.*

1. Até a adopción do acto delegado da Comisión Europea a que se refire o artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, a comercialización en España a investidores profesionais das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.e) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e que estean autorizadas ou rexistradas, ou teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro, estará suxeita ao previsto no artigo 15 quáter da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

2. Unha vez adoptado o acto delegado da Comisión Europea a que se refire o punto anterior e nos termos que este estableza, a comercialización das accións e participacións das IIC a que se refire ese punto será libre de conformidade cos seguintes puntos.

3. A xestora deberá ter sido autorizada previamente pola CNMV de conformidade co establecido na disposición adicional sexta ou por outra autoridade nacional competente dun Estado membro en virtude do disposto no artigo 37 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.

4. No suposto de que unha xestora non domiciliada na Unión Europea e autorizada pola CNMV teña a intención de comercializar entre investidores profesionais e en España participacións dunha IIC que ela xestione e que estea autorizada ou rexistrada nun Estado membro, será de aplicación o seguinte:

a) Deberá presentar á CNMV unha notificación relativa a cada IIC que se propoña comercializar, que incluírá a documentación e a información que se establecen a continuación:

1.º Un escrito de solicitude, que comprenderá un programa de actividade en que se identifique a IIC que se propoña comercializar a xestora e información sobre o lugar en que se encontra establecida.

2.º O regulamento da IIC ou os seus documentos constitutivos.

3.º A identificación do depositario.

4.º Unha descrición da IIC ou calquera información sobre esta á disposición dos investidores.

5.º Información sobre o lugar en que se encontra establecida a IIC principal se a IIC é unha IIC subordinada.

6.º Calquera información adicional mencionada no artigo 23 bis deste regulamento para cada IIC que a xestora teña intención de comercializar.

7.º Información sobre as medidas adoptadas para impedir a comercialización de participacións da IIC entre investidores particulares, incluso no caso de que a xestora recorra á actuación de entidades independentes para prestar servizos de investimento relativos á IIC. Estas medidas estarán suxeitas ás leis españolas e á supervisión da CNMV.

b) No prazo máximo de 20 días hábiles desde a recepción da documentación completa de acordo co previsto no parágrafo anterior, a CNMV notificará á xestora a resolución sobre a solicitude de comercialización da IIC identificada no escrito de solicitude.

c) A xestora poderá iniciar a comercialización da IIC a partir da notificación da resolución favorable.

d) A solicitude de comercialización só poderá ser denegada se a xestión da IIC por parte da xestora non se realiza nin se vai realizar consonte a Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou se a xestora non cumpre ou non vai cumprir algunha das disposicións da dita directiva.

e) A CNMV deberá informar, así mesmo, a Autoridade Europea de Valores e Mercados e, de ser o caso, as autoridades nacionais competentes da IIC, de que a xestora pode comezar a comercializar a IIC en cuestión en España.

5. No suposto de que unha xestora non domiciliada na Unión Europea e autorizada por unha autoridade nacional competente doutro Estado membro da Unión Europea de conformidade co artigo 37 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, teña a intención de comercializar participacións de IIC que ela xestione en España entre investidores profesionais, será de aplicación o seguinte:

a) A comercialización en España será libre desde que a autoridade competente do Estado membro lle comunique á xestora que remitiu o expediente de documentación completo á CNMV coa información prevista no punto 4.a) anterior, información sobre as medidas adoptadas para a comercialización da IIC, a indicación dos Estados membros en que teña previsto comercializar as participacións da IIC entre investidores profesionais e unha declaración da autoridade competente do Estado membro que confirme que a xestora está autorizada a xestionar a IIC cunha estratexia de investimento concreta.

b) Serán válidos para os efectos previstos neste punto os escritos de notificación e expedientes que a CNMV reciba nunha lingua de uso habitual no ámbito financeiro internacional, así como os que reciba en formato electrónico.

6. No suposto de que unha xestora non domiciliada na Unión Europea e autorizada pola CNMV teña a intención de comercializar participacións de IIC que ela xestione entre investidores profesionais noutros Estados membros, será de aplicación o seguinte:

a) A xestora deberá presentar á CNMV unha notificación relativa a cada IIC que se propoña comercializar que incluíra a información a que se refire o punto 5.a) anterior.

b) No prazo máximo de 20 días hábiles desde a data da recepción do expediente completo, e sempre e cando a xestión das IIC por parte da xestora sexa e vaia ser conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, e a xestora cumpra as disposicións desa directiva, a CNMV remitirá o expediente ás autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que se pretende comercializar as participacións da IIC. O expediente irá acompañado dunha declaración da CNMV que confirme que a xestora está autorizada a xestionar a IIC cunha estratexia de investimento concreta.

c) Unha vez remitido o expediente de notificación, a CNMV comunicará este feito de forma inmediata á xestora, que poderá iniciar a comercialización das IIC nos correspondentes Estados membros a partir da data de tal notificación.

d) A CNMV comunicará, así mesmo, á Autoridade Europea de Valores e Mercados e, de ser o caso, ás autoridades nacionais competentes das IIC, que a xestora pode comezar a comercializar participacións das IIC nos Estados membros en cuestión.

e) A CNMV poderá elaborar a declaración e remitir os escritos de notificación e os expedientes previstos neste punto nunha lingua de uso habitual no ámbito financeiro internacional, así como en formato electrónico.

7. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados de conformidade cos puntos 4 ou 6, a xestora notificará a modificación prevista previamente cun prazo mínimo de antelación dun mes e por escrito á CNMV ou, no caso de que sexa unha modificación imprevista, inmediatamente despois de producirse. Unha vez comunicada a modificación, aplicarase o disposto nos parágrafos seguintes:

a) No suposto de que, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da IIC por parte da xestora xa non fose conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou a xestora xa non cumprise esa directiva, a CNMV informará inmediatamente, salvo causa xustificada, de que non pode aplicar a modificación.

b) No suposto de que a modificación se aplique sen que a xestora realice a comunicación previa prevista nos parágrafos anteriores ou no suposto de que a xestión da IIC pola xestora xa non sexa conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou a xestora deixe de cumprir con esa directiva como consecuencia dunha modificación imprevista, a CNMV adoptará todas as medidas oportunas de conformidade co título VI da Lei 35/2003, do 4 de novembro, incluíndo, se for necesario, a prohibición expresa da comercialización da IIC.

c) No suposto de que as modificacións sexan aceptables porque non afectan a conformidade da xestión da IIC por parte da xestora coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, nin a conformidade con carácter xeral da xestora con esa directiva, a CNMV informará inmediatamente das modificacións a Autoridade Europea de Valores e Mercados na medida en que as modificacións afecten o cesamento da comercialización de determinadas IIC ou a comercialización de IIC adicionais e, de ser o caso, as autoridades competentes dos Estados membros en que se comercialicen as IIC.

8. De conformidade co disposto no artigo 41.4 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, esta disposición adicional será de aplicación ás entidades a que se refire o artigo 5.1.d) da dita lei, e que estean autorizadas ou rexistradas, ou teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro. Para estes efectos, as referencias ás IIC entenderanse realizadas ás entidades de capital risco e ás outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.»

Cincuenta e cinco. Engádesse unha disposición adicional cuarta co seguinte teor literal:

«Disposición adicional cuarta. *Comercialización con pasaporte a investidores profesionais das accións e participacións de IIC dun terceiro Estado xestionadas por xestoras non domiciliadas na Unión Europea de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.*

1. Até a adopción do acto delegado da Comisión Europea a que se refire o artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, a comercialización a investidores profesionais das accións e participacións das IIC a que se refire o artigo 2.1.e) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e que non estean autorizadas ou rexistradas, nin teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro, estará suxeita ao previsto no artigo 15 quáter da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

2. Unha vez adoptado o acto delegado da Comisión Europea a que se refire o punto anterior e nos termos que este estableza, a comercialización das accións e participacións das IIC a que se refire o punto anterior será libre de conformidade co previsto nos puntos 3 a 7 da disposición adicional anterior, que se aplicarán coas especialidades previstas nos seguintes puntos:

a) As referencias realizadas ás IIC a que se refire o artigo 2.1.e) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e que estean autorizadas ou rexistradas, ou teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro, entenderanse realizadas ás IIC que non estean autorizadas ou rexistradas, nin teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro.

b) Ademais dos requisitos aplicables ás xestoras dun Estado membro previstos na Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e neste real decreto, a comercialización de IIC dun terceiro Estado polas xestoras non domiciliadas na Unión Europea requirirá que se cumpran as seguintes condicións:

1.º Deberán existir acordos de cooperación entre a CNMV e as autoridades nacionais do Estado membro que autorizase a xestora de conformidade co artigo 37 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, coas autoridades de supervisión do terceiro Estado en que estea establecida a IIC, co fin de garantir ao menos un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións supervisión de acordo coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.

2.º O terceiro Estado en que estea establecida a IIC non poderá figurar na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

3.º O terceiro Estado deberá ter suscrito un acordo con España ou co Estado membro cuxa autoridade nacional autorizase a xestora de conformidade co artigo 37 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o patrimonio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos e garanta un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

c) No suposto de que a CNMV discrepe da avaliación da aplicación dos ordinais 1.º e 2.º anteriores realizada polas autoridades competentes do Estado membro en que fose autorizada a xestora non domiciliada na Unión Europea, poderá someter o asunto á Autoridade Europea de Valores e Mercados, que poderá actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento 1095/2010/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010.

d) A notificación prevista no punto 4.a) da disposición adicional anterior referirase a cada IIC que se propoña comercializar en España.

e) A solicitude de comercialización poderá ser denegada se a administración da IIC por parte da xestora non se realiza nin se vai realizar consonte a Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou se a xestora non cumpre ou non vai cumprir algunha das disposicións desa directiva.

3. De conformidade co disposto no artigo 41.4 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, esta disposición adicional será de aplicación ás entidades a que se refire o artigo 5.1.d) da dita lei, e que non estean autorizadas ou rexistradas, ou non teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal nun Estado membro. Para estes efectos, as referencias ás IIC entenderanse realizadas ás entidades de capital risco e ás outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.»

Cincuenta e seis. Engádesse unha disposición adicional quinta co teor literal seguinte:

«Disposición adicional quinta. *Condicións para a xestión de IIC da Unión Europea por unha xestora non domiciliada na Unión Europea de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.*

1. Até a adopción do acto delegado da Comisión Europea a que se refire o artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, a xestión das IIC a que se refire o artigo 2.1.e) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e que estean autorizadas ou rexistradas, ou teñan o seu domicilio ou a súa oficina principal en España ou noutro Estado membro, requirirá autorización previa e rexistro ante a CNMV de conformidade co previsto na Lei 35/2003, do 4 de novembro, e no presente real decreto.

2. Unha vez adoptado o acto delegado da Comisión Europea a que se refire o punto anterior e nos termos que este estableza, a xestión das IIC a que se refire ese punto será libre de conformidade co previsto nos puntos seguintes.

3. As xestoras non domiciliadas na Unión Europea autorizadas pola CNMV de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, que teñan a intención de xestionar por primeira vez noutro Estado membro unha IIC autorizada ou rexistrada ou que teña o seu domicilio ou oficina principal en España ou noutro Estado membro, poderán facelo directamente ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre e cando a xestora estea autorizada para xestionar ese tipo de IIC e se cumpran os seguintes requisitos:

a) A xestora non domiciliada na Unión Europea deberá remitir á CNMV unha solicitude coa seguinte información:

1.º O Estado membro no que teña a intención de xestionar a IIC directamente ou mediante unha sucursal.

2.º Un programa de actividade en que se indiquen, en particular, os servizos que se propón prestar e no cal identifique a IIC que se propón xestionar.

b) No suposto de que a xestora non domiciliada na Unión Europea se propoña establecer unha sucursal, proporcionará ademais a seguinte información:

1.º A estrutura organizativa da sucursal.

2.º O enderezo no Estado membro de orixe da IIC onde se poida obter documentación.

3.º O nome e os detalles de contacto das persoas responsables da xestión da sucursal.

c) A CNMV remitirá esa documentación ás autoridades competentes do Estado membro en que a xestora teña a intención de xestionar a IIC no prazo dun mes no suposto de que a xestora non domiciliada na Unión Europea se propoña xestionar a IIC directamente, ou de dous meses no suposto de que se propoña establecer unha sucursal, contado desde a recepción da documentación completa. A CNMV só remitirá esa documentación se a xestión da IIC por parte da xestora é e segue sendo conforme coas disposicións da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, e se cumpre coas disposicións desa directiva.

d) A CNMV xuntará á documentación prevista no punto anterior unha declaración que confirme que a xestora dispón de autorización.

e) A CNMV notificará inmediatamente á xestora que remitiu a documentación ás autoridades nacionais competentes do Estado membro en cuestión.

f) A CNMV informará, así mesmo, a Autoridade Europea de Valores e Mercados de que a xestora pode comezar a xestionar a IIC no Estado membro en cuestión.

4. En caso de modificación dalgún dos datos comunicados á CNMV de conformidade co punto 3.a) ou b), aplicarase o disposto neste punto:

a) A xestora deberá notificar por escrito esa modificación á CNMV, ao menos un mes antes de aplicar a modificación, se esta está prevista pola xestora ou, no caso dunha modificación imprevista, inmediatamente despois de se producir.

b) No suposto de que, como consecuencia da modificación prevista, a xestión da IIC por parte da xestora xa non sexa conforme coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, ou a xestora xa non cumprise esa directiva, a CNMV informará a xestora inmediatamente, salvo causa xustificada, de que non pode aplicar a modificación.

c) No suposto de que a modificación prevista se aplique sen que medie a notificación previa prevista nos parágrafos anteriores, ou se producise unha modificación imprevista, e como consecuencia do anterior a xestión da IIC por parte da xestora xa non sexa conforme coa mencionada directiva, ou a xestora deixase de cumprila, a CNMV adoptará todas as medidas oportunas de conformidade co título VI da Lei 35/2003, do 4 de novembro, incluída, se for necesario, a prohibición expresa de comercialización da IIC.

d) No suposto de que as modificacións sexan aceptables porque non afectan a conformidade da xestión da IIC por parte da xestora coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, nin a conformidade con carácter xeral da xestora con esa directiva, a CNMV informará inmediatamente desas modificacións as autoridades competentes dos Estados membros en que se xestionen as IIC.

5. As xestoras non domiciliadas na Unión Europea autorizadas pola autoridade nacional competente doutro Estado membro de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, que teñan a intención de xestionar unha IIC autorizada ou rexistrada, ou que teña o seu domicilio ou a súa oficina principal en España ou noutro Estado membro, por primeira vez en España, poderán facelo libremente, xa sexa de forma directa ou mediante o establecemento dunha sucursal, sempre e cando a xestora estea autorizada para xestionar ese tipo de IIC e desde o momento en que a autoridade nacional competente do Estado membro notifica á xestora que remitiu á CNMV o expediente a que se refire o artigo 41 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011. A CNMV non imporá ningún requisito adicional á xestora en relación coas materias reguladas pola Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.

6. De conformidade co disposto no artigo 41.4 da Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4

de novembro, de institucións de investimento colectivo, esta disposición adicional será de aplicación ás xestoras reguladas na dita lei, e que estean autorizadas nun Estado membro. Para estes efectos, as referencias ás IIC entenderanse realizadas ás entidades de capital risco e ás outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.»

Cincuenta e sete. Engádesse unha disposición adicional sexta co teor literal seguinte:

«Disposición adicional sexta. *Autorización de xestoras non domiciliadas na Unión Europea de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, para efectos da xestión de IIC ou da súa comercialización con pasaporte.*

1. Até a adopción do acto delegado da Comisión Europea a que se refire o artigo 67.6 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, a apertura de sucursais e prestación de servizos en España por xestoras non autorizadas na Unión Europea estará suxeita ao previsto no artigo 125 deste regulamento.

2. A autorización das xestoras regulada nos puntos 4 e 6 da disposición adicional terceira rexerese polo previsto na presente disposición adicional, no título IV deste real decreto e no capítulo II do título IV da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

3. A autoridade nacional competente para a autorización das xestoras non domiciliadas na Unión Europea determinarase da seguinte forma:

a) A competencia estará atribuída á CNMV nos seguintes supostos:

1.º Cando a xestora se propoña xestionar unha soa ou varias IIC autorizadas en España e non se propoña comercializar ningunha delas noutros Estados membros da Unión Europea de conformidade coas disposicións adicionais segunda ou cuarta.

2.º Cando a xestora se propoña xestionar varias IIC autorizadas ou rexistradas en distintos Estados membros e non se propoña comercializar ningunha delas na Unión Europea de conformidade coas disposicións adicionais segunda ou cuarta, e a maioría de IIC estean autorizadas en España ou sexa en España onde xestione o maior número dos seus activos.

3.º Cando a xestora se propoña comercializar unha única IIC que fose autorizada en España.

4.º Cando a xestora se propoña comercializar soamente en España unha única IIC que fose autorizada ou rexistrada en España ou noutro Estado membro.

5.º Cando a xestora se propoña comercializar soamente en España unha única IIC que non estea autorizada nin rexistrada en ningún Estado membro ou que estea autorizada ou rexistrada nun terceiro Estado.

6.º Cando a xestora se propoña comercializar en varios Estados membros unha soa IIC autorizada en España.

7.º Cando a xestora se propoña comercializar unha IIC autorizada ou rexistrada nun Estado membro distinto de España, e esa comercialización se vaia realizar en varios Estados membros, entre eles España.

8.º Cando a xestora se propoña comercializar unha IIC autorizada ou rexistrada en España e esa comercialización se vaia realizar en varios Estados membros.

9.º Cando a xestora se propoña comercializar unha soa IIC que non fose autorizada nin rexistrada en ningún Estado membro e esa comercialización se vaia realizar en varios Estados membros, entre eles España.

10.º Cando a xestora se propoña comercializar unha soa IIC dun terceiro Estado en diferentes Estados membros, entre eles España.

11.º Cando a xestora se propoña comercializar en diversos Estados membros varias IIC autorizadas ou rexistradas en España.

12.º Cando a xestora se propoña comercializar varias IIC autorizadas ou rexistradas por un único Estado membro distinto de España, e a maioría desas IIC vaian ser comercializadas en España.

13.º Cando a xestora se propoña comercializar varias IIC autorizadas ou rexistradas en diversos Estados membros, e a maioría desas IIC vaian ser comercializadas en España.

14.º Cando a xestora se propoña comercializar varias IIC dun terceiro Estado e varias IIC autorizadas ou rexistradas en Estados membros, e a maioría desas IIC vaian ser comercializadas efectivamente en España.

b) No suposto de que, xunto coa CNMV, existan outras autoridades nacionais de Estados membros da Unión Europea que, en exercicio das competencias que posúan de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, sexan tamén competentes para a autorización dunha mesma sociedade xestora, esta deberá solicitar tanto á CNMV como ás ditas autoridades nacionais a súa autorización. A CNMV e as autoridades nacionais competentes decidirán conxuntamente no prazo dun mes cal será a autoridade nacional competente para a súa autorización e deberán notificar á xestora tal decisión no prazo máximo de sete días. Na súa falta, a xestora poderá elixir de entre as anteriores a autoridade nacional a que lle debe solicitar a autorización.

c) Para efectos do previsto nos parágrafos anteriores, a xestora deberá probar a súa intención de realizar unha comercialización efectiva en calquera Estado membro mediante a comunicación da súa estratexia comercial á CNMV.

d) Unha vez recibida a solicitude de autorización a que se refiren os parágrafos anteriores, a CNMV avaliará se é competente para outorgar a autorización, caso en que notificará a súa decisión á Autoridade Europea de Valores e Mercados e solicitará asesoramento sobre a avaliación realizada. Na súa notificación á Autoridade Europea de Valores e Mercados, a CNMV deberalle facilitar a xustificación da xestora acerca da autoridade nacional competente e a información sobre a súa estratexia de comercialización.

e) No suposto de que a CNMV elabore unha proposta de concesión de autorización en contra do criterio da Autoridade Europea de Valores e Mercados, deberá motivar tal decisión e, no suposto de que a xestora se propoña comercializar as IIC noutros Estados membros, deberá informar motivadamente tamén as autoridades nacionais competentes dos ditos Estados membros e, de ser o caso, as autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que fosen autorizadas ou rexistradas as IIC.

f) No suposto de que a CNMV discrepe da avaliación da competencia realizada pola autoridade nacional dun Estado membro, poderá someter tal discrepancia á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

4. A xestora estará eximida de cumprir co capítulo VI da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, e con aquelas outras disposicións da dita directiva que sexan incompatibles coa súa lexislación nacional ou a aplicable ás IIC que comercialice na Unión Europea nos seguintes supostos:

a) Cando a xestora demostre:

1.º Que o cumprimento dunha disposición da citada directiva é imposible sen contravir simultaneamente unha disposición da súa lexislación nacional,

2.º que a súa lexislación nacional ou a das IIC que comercialice dispoñen dunha norma equivalente á da directiva cuxo obxecto sexa idéntico e ofrezca o mesmo nivel de protección aos investidores das IIC en cuestión, e

3.º que ela ou as IIC que comercialice cumpren coa dita norma equivalente.

b) No caso de que a CNMV considere que a xestora se pode apoiar no parágrafo anterior para quedar exenta do cumprimento de determinadas

disposicións da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, informará diso sen demora a Autoridade Europea de Valores e Mercados. No suposto de que a CNMV teña previsto conceder unha autorización contravindo a recomendación da Autoridade Europea de Valores e Mercados, deberá informala motivadamente da súa intención, así como as autoridades nacionais competentes daqueles Estados membros en que a xestora teña a intención de comercializar IIC xestionadas por ela.

c) No caso de que a CNMV considere que a autoridade competente doutro Estado membro non pode eximir unha xestora do cumprimento de determinadas disposicións da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, poderá someter a discrepancia á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

5. A autorización outorgárase de conformidade coas seguintes especialidades:

a) A xestora deberá designar un representante legal en España que será, xunto coa propia xestora, a persoa de contacto para os investidores, a CNMV e para as autoridades competentes dos demais Estados membros. Este representante legal deberá dispor dos medios suficientes para verificar o cumprimento por parte da xestora da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e da súa normativa de desenvolvemento.

b) Deberán existir acordos de cooperación entre a CNMV, as autoridades competentes dos Estados membros de orixe das IIC e as autoridades de supervisión do terceiro Estado en que estea establecida a xestora, co fin de garantir, polo menos, un intercambio eficaz de información que permita ás autoridades competentes levar a cabo as súas funcións de supervisión.

c) O terceiro Estado en que estea establecida a xestora non poderá figurar na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

d) O Estado en que estea radicado a xestora deberá ter suscrito un acordo con España que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o patrimonio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos e garantirá un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

e) O exercicio das facultades e competencias en materia de supervisión da CNMV non se verá menoscabado polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas do Estado de orixe da xestora nin pola natureza ou extensión das facultades e competencias en materia de supervisión das autoridades supervisoras do terceiro Estado en cuestión.

6. No suposto de que a CNMV discrepe da avaliación realizada por outra autoridade nacional dun Estado membro da Unión Europea acerca da aplicación das letras a), b), c) e e) anteriores, poderá presentar a dita discrepancia ante a Autoridade Europea de Mercados e Valores. Do mesmo modo, a CNMV poderá instar o exercicio das súas competencias por parte da Autoridade Europea de Valores e Mercados cando a autoridade competente do Estado membro de orixe dunha IIC non se adhira aos acordos de cooperación a que fai referencia a letra b) anterior nun prazo razoable.

7. O procedemento de autorización da xestora rexeráse polo procedemento de autorización previsto no título IV da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e estará suxeito ás seguintes especialidades:

a) A información recollida no artigo 41 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, deberá ser completada:

1.º Cunha xustificación por parte da xestora da súa avaliación sobre a competencia da CNMV de conformidade cos parágrafos anteriores que incluíra información sobre a estratexia de márketing.

2.º Cunha listaxe coas disposicións da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, cuxo cumprimento non pode levar a cabo a xestora sen contravir simultaneamente algunha disposición da súa lexislación nacional de conformidade co disposto no punto 3 anterior.

3.º Cun documento escrito en que se demostre que a lexislación aplicable do terceiro país establece unha norma equivalente ás disposicións da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, do imposible cumprimento, que regula obxecto idéntico e que ofrece o mesmo nivel de protección aos investidores das IIC e da xestora. Este documento irá acompañado dun ditame xurídico sobre a existencia da disposición incompatible aplicable na lexislación do terceiro Estado e cunha descrición da finalidade reguladora e da natureza da protección dos investidores que persegue.

4.º Co nome e lugar de establecemento do representante legal da xestora.

b) A información mencionada no artigo 108 poderá versar unicamente sobre as IIC da Unión Europea que a xestora pretenda xestionar ou, de ser o caso, sobre as IIC xestionadas pola xestora que esta ten intención de comercializar na Unión Europea cun pasaporte.

c) A obrigação prevista no artigo 43 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, entenderase sen prexuízo do disposto no punto 3 anterior.

d) O artigo 43.1.c) da Lei 35/2003, do 4 de novembro, non será de aplicación.

e) Entenderase que a documentación que preceptivamente se lle debe xuntar á solicitude de autorización está completa cando inclúa os documentos previstos no artigo 41 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e a información a que se refire a letra a).

8. A CNMV informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados inmediatamente, salvo causa xustificada, sobre o resultado do procedemento de autorización, sobre calquera modificación da autorización da xestora e sobre calquera revogación da autorización. Así mesmo, a CNMV informará a Autoridade Europea de Valores e Mercados sobre as solicitudes de autorización inadmitidas ou desestimadas, con información sobre a xestora responsable da solicitude e os motivos da denegación. A CNMV respectará a confidencialidade da información que remita á Autoridade Europea de Valores e Mercados e da información en poder desta autoridade que recibise doutras autoridades nacionais competentes.

9. Dentro dos dous anos posteriores ao outorgamento da autorización e no suposto de que a xestora teña a intención de cambiar a súa estratexia de comercialización de IIC de tal forma que poida afectar a competencia da CNMV por razón do territorio, deberá comunicar previamente a esta a dita intención nos seguintes termos:

a) A comunicación deberá determinar cal é a xuízo da xestora a nova autoridade nacional competente de conformidade co punto 2 e xustificar a súa decisión con base na súa nova estratexia de comercialización. En tal comunicación a xestora incluíra a identidade e o lugar de establecemento do seu novo representante legal.

b) A CNMV avaliará a documentación remitida pola xestora, informará motivadamente a Autoridade Europea de Valores e Mercados acerca da súa conclusión e remitiralle a avaliación realizada pola xestora e a información sobre a súa nova estratexia de comercialización. A CNMV notificará a resolución sobre a solicitude de cambio de autoridade competente no prazo dun mes á xestora, ao

seu representante legal e á Autoridade Europea de Valores e Mercados. Esta resolución terá en conta a recomendación preceptiva e non vinculante da Autoridade Europea de Valores e Mercados.

c) No suposto de que a CNMV resolva favorablemente a solicitude da xestora, informará desa resolución as autoridades competentes do Estado membro en cuestión e remitiralles inmediatamente, salvo causa xustificada, unha copia do expediente de autorización e de supervisión da xestora.

d) No suposto de que a resolución da CNMV sexa contraria á recomendación da Autoridade Europea de Valores e Mercados prevista na letra b), aquela deberá informala motivadamente da súa resolución e, de ser o caso, as autoridades nacionais competentes dos Estados membros en que se comercialicen IIC xestionadas pola xestora en cuestión ou estas fosen autorizadas ou rexistradas.

10. Transcorrido o prazo de dous anos previsto no punto anterior, a xestora poderá modificar a súa estratexia de comercialización e solicitar un cambio á CNMV de conformidade co procedemento regulado no punto anterior.

11. Se unha vez transcorridos os dous anos a que fai referencia o punto 8, o desenvolvemento do negocio dunha xestora demostra que non cumpriu coa súa estratexia de comercialización orixinaria, que fixo declaracións falsas ao respecto ou modifica a súa estratexia de comercialización sen cumprir co procedemento establecido no punto 8, a CNMV solicitará á xestora que indique, de acordo cos criterios recollidos no punto 2, a autoridade nacional do Estado membro que sexa competente sobre a base da súa estratexia real de comercialización. O incumprimento do requirimento da CNMV será causa suficiente de revogación da autorización.

12. No suposto de que a CNMV discrepe da avaliación relativa á súa competencia territorial ou a dalgunha outra autoridade nacional de supervisión, poderá someter esa discrepancia á Autoridade Europea de Valores e Mercados.

13. A CNMV será competente para a supervisión e control daquelas xestoras de fóra da Unión Europea que foron autorizadas nun Estado membro de conformidade co artigo 37 da Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, e que modificasen a súa estratexia de comercialización, desde o momento en que aquela reciba o expediente de autorización e supervisión da autoridade competente dun Estado membro.

14. Calquera controversia que xurda entre a CNMV e unha xestora resolverase de conformidade coa lexislación nacional. Calquera controversia entre a xestora ou as IIC por ela xestionadas e os investidores da Unión Europea dunha IIC resolverase de conformidade coa lei e coa xurisdición nacional ou coa doutro Estado membro da Unión Europea.

15. Esta disposición adicional será de aplicación á autorización das xestoras non domiciliadas na Unión Europea de conformidade coa Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011, para efectos da xestión de ECR ou EICC ou da súa comercialización con pasaporte. Para estes efectos, as referencias ás IIC entenderanse realizadas ás entidades de capital risco e ás outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado.»

Cincuenta e oito. Engádese unha disposición adicional sétima co seguinte teor literal:

«Disposición adicional sétima. *Requisitos do depositario radicado en terceiros países.*

No caso dunha IIC radicada nun terceiro país e comercializada na Unión Europea ou xestionada por unha xestora autorizada conforme a Directiva 2011/61/UE, o depositario poderá estar establecido no país de orixe da IIC ou no Estado membro de orixe da sociedade xestora que xestione a dita IIC, ou no Estado membro de referencia da sociedade xestora que xestione a dita IIC.

Sen prexuízo dos requisitos previstos no artigo 58 da Lei 35/2003, do 4 de novembro, o nomeamento dun depositario establecido nun terceiro país estará suxeito ás seguintes condicións:

a) Que a CNMV e, sempre e cando sexa diferente, as autoridades competentes do Estado membro de orixe da xestora, subscribisen acordos de cooperación e de intercambio de información coas autoridades competentes do depositario.

b) No terceiro país en que estea establecido o depositario, os depositarios estarán suxeitos a medidas de regulación e supervisión prudenciais efectivas, incluído o capital mínimo obrigatorio, que teñan o mesmo efecto que as disposicións previstas no dereito da Unión Europea e se apliquen de maneira efectiva. Para estes efectos aplicarase o disposto no Regulamento delegado (UE) n.º 231/2013 da Comisión, do 19 de decembro de 2012, polo que se complementa a Directiva 2011/61/UE, do 8 de xuño de 2011.

c) O terceiro país en que se establecese o depositario non figurará na lista de países e territorios non cooperantes establecida polo Grupo de Acción Financeira Internacional sobre o Branqueo de Capitais.

d) Que o terceiro país en que está establecido o depositario asinase un acordo con España e, de ser o caso, co Estado membro de orixe da xestora, que se axuste plenamente aos preceptos establecidos no artigo 26 do modelo de convenio tributario sobre a renda e sobre o patrimonio da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos e garanta un intercambio efectivo de información en materia tributaria, incluíndo, se procede, acordos multilaterais en materia de impostos.

e) O depositario, por contrato, será responsable ante a IIC ou, de ser o caso, ante os investidores da IIC, consonte os artigos 62 e 62 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, e aceptará expresamente o cumprimento do recollido no artigo 60 bis da Lei 35/2003, do 4 de novembro, neste regulamento e nas demais disposicións aplicables no noso ordenamento relativo á delegación de funcións.

Cando unha autoridade competente doutro Estado membro non estea de acordo coa avaliación da aplicación das letras a), c) ou e) do primeiro parágrafo, realizada polas autoridades competentes do Estado membro de orixe da xestora, as autoridades competentes en cuestión poderán someter o asunto á Autoridade Europea de Valores e Mercados, que poderá actuar de conformidade coas facultades que lle confire o artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 1095/2010, do 24 de novembro de 2010.»

Cincuenta e nove. Modifícase a disposición derradeira única, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Disposición derradeira única. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

1. Facúltase o ministro de Economía e Competitividade para ditar as disposicións necesarias para o cumprimento e a execución deste regulamento e, coa súa habilitación expresa, a CNMV.

2. Habilítase a CNMV para desenvolver o réxime de comunicación, o contido das obrigacións de información, a forma de remisión da información, que poderá ser electrónica, e os prazos de comunicación en relación coas modificacións que se produzan nas condicións da autorización das sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo, en virtude das disposicións que resulten aplicables da Lei 35/2003, do 4 de novembro.

Esta habilitación afectará, en particular, as modificacións que se produzan respecto aos seguintes aspectos:

- a) Composición do accionariado e das alteracións que nel se produzan, sen prexuízo do réxime establecido para os supostos de adquisición ou incremento de participacións significativas.
- b) Nomeamentos e cesamentos de cargos de administración e dirección.
- c) Ampliación ou redución das actividades e instrumentos incluídos nos programas de actividades.
- d) Modificacións de estatutos sociais.
- e) Apertura e peche de sucursais ou de calquera outro establecemento secundario en territorio nacional.
- f) Relacións de axencia.
- g) Delegación de funcións administrativas, de control interno e de análise e selección de investimentos.
- h) Calquera outra modificación que supoña variación das condicións da autorización concedida ou doutros datos do rexistro que consten na CNMV, sen prexuízo dos procedementos de autorización previa cando sexan preceptivos de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

3. Habilítase a CNMV para que desenvolva o contido e o modelo a que se deberá axustar, en cada caso, o estado de posición e os xustificantes mencionados no artigo 4.3.

4. Habilítase a CNMV para o desenvolvemento do réxime xurídico do depositario previsto no título V. En particular, poderá determinar as especificidades e excepcións aplicables ao depositario de entidades de capital risco, de entidades de investimento colectivo cerrado e de institucións de investimento colectivo de investimento libre. Así mesmo, entre outros, a CNMV poderá:

- a) Desenvolver os aspectos técnicos da función de vixilancia sobre os elementos a que se refire o artigo 134, incluíndo a vixilancia sobre os activos aptos e o relativo aos saldos dos partícipes ou accionistas das IIC. Tamén poderá desenvolver os aspectos técnicos do réxime de responsabilidade a que se refire o artigo 136 e das obrigacións sobre segregación de activos.
- b) Desenvolver o contido do acordo entre a SXIIC e o depositario a que se refire o artigo 138.
- c) Determinar o alcance da función de depositaría segundo o tipo de activos e o tipo de contas que se utilice, o alcance dos deberes do depositario en relación co cálculo do valor liquidativo e a valoración das participacións, e o alcance do control sobre os fluxos de efectivo.»

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio do réxime xurídico do depositario.*

A derogación da Orde EHA/596/2008, do 5 de marzo, pola que se regulan determinados aspectos do réxime xurídico do depositario de institucións de investimento colectivo, e se concreta o contido dos estados de posición, prevista no punto 2 da disposición derogatoria única, producirá os seus efectos desde a entrada en vigor das disposicións que aprobe a CNMV en que se desenvolva o réxime xurídico do depositario, de conformidade co previsto no punto 4 da disposición derradeira única incorporada ao regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. Até ese momento, a citada orde ministerial permanecerá en vigor en todo aquilo en que non se opoña ao previsto neste real decreto e na normativa da Unión Europea aplicable.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das IIC e das SXIC autorizadas conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009.*

As IIC e as sociedades xestoras autorizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto conforme a Directiva 2009/65/CE, do 13 de xullo de 2009, deberán adecuarse ao disposto neste real decreto no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto.

2. En particular, nos termos previstos na disposición transitoria primeira, queda derogada a Orde EHA/596/2008, do 5 de marzo, pola que se regulan determinados aspectos do réxime xurídico do depositario de institucións de investimento colectivo, e se concreta o contido dos estados de posición.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos.*

Dáselle unha nova redacción ao punto 2 do artigo 21 do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscripción e do folleto exixible para tales efectos, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. As condicións finais da oferta son os elementos de información que non son coñecidos cando se aproba o folleto de base e que soamente se poden determinar no momento da emisión.

As condicións finais, cando non figuren no suplemento, deberán facilitarse aos investidores e depositaranse na CNMV, e serán comunicadas, así mesmo, pola CNMV á autoridade competente do Estado ou Estados membro de acollida, tan pronto como sexa factible con motivo de cada admisión e, se é posible, antes do comezo da oferta. A CNMV comunicará as condicións finais á AEVM. Estas condicións finais só poderán conter elementos de información exixidos para a nota sobre os valores sinalados no artigo 19.3, non poderán utilizarse para cumprir co artigo 22 e non estarán suxeitas á aprobación pola CNMV. Neses casos, cando o prezo final da oferta e o número de valores que se vaian ofertar ao público non se poidan incluír no folleto, deberán figurar no folleto os criterios e/ou as condicións que van apareladas para determinar os citados elementos ou, no caso do prezo, o prezo máximo.

No caso das emisións de notas promisorias con prazo de vencemento inferior a doce meses, non se exixirán as condicións finais a que se refire este artigo sendo unicamente necesario presentar para estes efectos a certificación complementaria a que se refire o artigo 6.2 do Real decreto 116/1992, do 14 de febreiro, sobre representación de valores por medio de anotacións en conta e compensación e liquidación de operacións bolsistas.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse parcialmente ao dereito español as seguintes directivas da Unión Europea:

a) Directiva 2011/61/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, relativa aos xestores de fondos de investimento alternativos e pola que se modifican

as directivas 2003/41/CE e 2009/65/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009 e (UE) n.º 1095/2010.

b) Directiva 2014/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifican as directivas 2003/71/CE e 2009/138/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009, (UE) n.º 1094/2010 e (UE) n.º 1095/2010 no que respecta aos poderes da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación) e da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados).

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de febreiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,
LUIS DE GUINDOS JURADO